

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A **CORUÑA-**

ACTA Nº 2-2014 **DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO** **MUNICIPAL**

- DIA 27/02/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG) INCORPORASE AS 20:08 H.

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP) VAISE ÁS 19:35

ELISA BOUZAS VICENTE (PP) VAIASE ÁS 19:35

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP) VAISE ÁS 19:35

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP) VAISE ÁS 19:35

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Intervención

Manuela Barcia Vázquez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL A INTEGRAR NO POS 2014: RATIFICACIÓN DE R.A. DE APROBACIÓN DE PROXECTOS EMENDADOS.-

4º.- ADHESIÓN Á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (E ADOPCIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS).-

5º.- MOCIONS DE URXENCIA.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 1 Sesión ordinaria do día 30/01/2014

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

Incorpórase a sesión do pleno Xoan Vicenzo Ces Rodríguez ás 20:08 minutos.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2014 ata o 31/01/2014, que comprenden os números 01/2014 ao 32/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión extraordinaria do día 21/01/2014
- Acta Nº 2 da Sesión ordinaria do día 28/01/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL A INTEGRAR NO POS 2014: RATIFICACIÓN DE R.A. DE APROBACIÓN DE PROXECTOS EMENDADOS.-

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Tralo acordo plenario adoptado o 26/12/2013 ao respecto e efectuadas as emendas esixidas pola Deputación Provincial, ditouse a Resolución de Alcaldía que se indica co fin de axilizar a tramitación e ante a premura dos prazos de corrección.

Polo exposto, esta Alcaldía somete ao pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

(**ÚNICO**): Ratificar a Resolución nº 49/2014 do 20/02/2014 cuxo texto é o seguinte:

<<O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión do 26/12/2013 adoptou o acordo de inclusión no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial as seguintes obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto
SANEAMENTO NO LUGAR DE A CASILLA (ARAÑO)	95.753,82€	0,00€	95.753,82€
MELLORA ACCESO CON AGLOMERADO QUENTE Á PRAIA DAS CUNCHAS (RIANXO)	90.182,38€	0,00€	90.182,38€
TOTAL OBRAS	185.936,20€	0,00€	185.936,20€

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíronse sendos requirimentos de emenda formulados pola Deputación Provincial da Coruña, corríndose de xeito que:

- l Obra de Saneamento no Lugar de A Casilla:
 - eliminar unha marca comercial aludida no relativo ao calculo da instalación de bombeo (afecta a dúas follas)
 - no relativo ao orzamento engádesse a precisión de que o cálculo dos prezos realizase considerando os costes directos e indirectos precisos para a súa execución (3 follas)

- r| Obra de Mellora de acceso con aglomerado quente á Praia das Cunchas: rectifícase o erro de transcripción no epígrafe 6 da memoria relativa aos “ presupostos” de xeito que é 90.182,38€ en vez de 90.182,18€ como figuraba.

Visto que os cambios introducidos en sendos proxectos a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía **RESOLVE**:

- 1.-Aprobar os proxectos técnicos en que se recollen cos cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación do proxecto	SANEAMENTO NO LUGAR DE A CASILLA (ARAÑO)
Técnico/a redactor/a	Ana I.Piñeiro Esperante
Presuposto base de licitación	95.753,82€

Denominación do proxecto	MELLORA ACCESO CON AGLOMERADO QUENTE Á PRAIA DAS CUNCHAS (RIANXO)
Técnico/a redactor/a	Ana I.Piñeiro Esperante
Presuposto base de licitación	90.182,38€

- 2.-Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.
- 3.-Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2014.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 24/01/2014, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que van absterse polos mesmos motivos polos que se pronunciaron no pleno de aprobación do P.O.S.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, manifesta o seu apoio a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta posto que son erros de transcripción e pequenas emendas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- ADHESIÓN Á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (E ADOPCIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS).-

O alcalde comenta sobre a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<O 17 de decembro de 1997 botaba a andar oficialmente a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza como o compromiso dun reducido grupo de concellos por implantar un sistema máis respectuoso co medio ambiente. Neste senso prioriza a redución da produción dos residuos, a súa recollida selectiva en camións bicompartimentados, o tratamento por reciclaxe e compostaxe da materia orgánica. Un modelo, por tanto, lonxe do modelo SOGAMA centrado na produción enerxética a través da incineración.

Procura ademais non enterrar no vertedoiro máis alá dun 30% de rexeites, é dicir, de residuos recollidos que non admiten, polo de agora, a súa reciclaxe. Este sistema desenvólvese actualmente no ámbito dos Concellos de Ames, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Pontecesures, Porto do Son e Rois.

O complexo medioambiental da Mancomunidade Serra do Barbanza inaugurada en 2003 e xestionada pola empresa *Fomento de Construcciones y Contratas* (FCC) é «a instalación que recupera mais material por habitante en España, considerando todas as plantas de tratamento do sistema orgánico-inorgánico» segundo o certificado expedido por Ecoembes coa data do 21 de xullo de 2010.

Seguindo o procedemento habitual de integración na Mancomunidade, fóronse realizando os contactos iniciais e estudos previos coa empresa e directiva da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza que cristalizaron nunha *Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos*, con rexistro de entrada 8001 do 7/11/2012 no Concello de Rianxo.

Así mesmo se entregou no Concello con RE 3619 do 14/05/2013, o Procedemento de integración na Mancomunidade xunto a diferentes anexos informativos:

- Copia dos Estatutos que rexen a Mancomunidade
- Copia do Contrato e pregos que rexen a concesión administrativa
- Proxección da oferta económica definitiva e cotas.
- Calendario de incorporación
- Copia enquisa de satisfacción da veciñanza cos servizos.

O día 09/01/2014 emítense informe polo Técnico municipal de actividades da área de Turismo e Medioambiente, Enrique López, no que se analizan as vantaxes que ofrece a adhesión aos sistema da MSB por comparativa co sistema habitual neste concello.

Incorporado o informe preceptivo de Secretaria, pola funcionaria con habilitación de carácter nacional, Carolina Costoya Pardo, sobre esta proposta o 23/01/2013 que sinala a natureza e procedemento de adhesión á Mancomunidade, desgranando a normativa de aplicación en materia de residuo e os aspectos a ter en conta ao abeiro da modificación operada na Lei 7/1985, pola Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da Administración Local. O seu teor literal é o seguinte:

<<INFORME DE SECRETARIA

ASUNTO: ADHESIÓN Á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS "SERRA DO BARBANZA" (MSB)

CAROLINA COSTOYA PARDO, co fin de prestar asistencia á Alcaldía na sinatura do mencionado texto, e ao abeiro do artigo 54.3º do Texto refundido de réxime local, emito o seguinte informe preceptivo:

1. DOCUMENTACIÓN

- || 07/11/2012 (Rxe Nº 8001) preséntase a "Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo" elaborada pola concesionaria do servizo FFC,S.A.
- || 17/04/2013 (RXS nº 1542) manifestación do Alcalde do Concello de Rianxo á Presidencia da Mancomunidade sobre o interese en integrarse na mancomunidade tralo análise da oferta recibida o 07/11/2012, na cal se indica: a preferenza pola modalidade diurna, o rexeitamento a sobrecontenerización alegada no estudo sen prexuízo de revisión dos puntos de recollida, maior concreción da viabilidade económica, solicita actualización de prezos, petición de reforzo os días das Festas da Guadalupe, e quedar exonerado das reclamacións administrativas ou xudiciais existentes antes da incorporación efectiva do Concello á Mancomunidade.
- || 14/05/2013 (RXE nº 3618) resposta da MSB á solicitude de integración efectuada coa que achéganse:
- || 10/01/2014 (RXE nº 129) A MSB concreta en 499.688,43€ (a prezos 07/08) o importe económico á que ascendería para o Concello de Rianxo a adhesión á mancomunidade. Indican que primeiramente se adopte acordo da Xunta de

Goberno e posteriormente se someta ao pleno corporativo, para iniciar a tramitación oficial e fixar o calendario de integración.

- Copia do iterin procedimental de adhesión.
- Estatutos da MSB vixentes. Aprobados en sesión do 17/07/2002 e do 14/03/2005, cuxa última versión publicouse no DOG nº 65 do 03/04/2006.
- Copia cotexada polo Secretario da Mancomunidade en 2009 do contrato suscrito o 21/08/2011 con Fomento de Construcciones y Contratas S.A. para a <<Execución de obra do complexo medioambiental de R.S.U. e a xestión, en réxime de concesión administrativa do servizo público de xestión de R.S.U. e asimilables>> incluíndo os pregos de condicións económico-administrativas e pregos de prescricións técnicas, segundo o que, o período de concesión será de 20 anos e comezará a contar o día seguinte á data de finalización da garantía (cláusula vixésimo primeira), sendo este de 1 ano dende a recepción das obras (cláusula décimo quinta).
- Copia de escritos dirixidos pola MSB á empresa en atención ao escrito municipal á oferta.
- Copia da resposta de FCC ao escrito da Alcaldía de Rianxo do 17/04/2013
- || 10/01/2014 (RXE nº 129) Comunicación da MSB indicando que o custe de integración do Concello de Rianxo é de 499.686,43€ e recordatorio da necesidade dunha solicitude formal de integración.
- || 13/01/2014 (RXE nº 177) Comunicación polo Sociedade Galega de Medio Ambiente do novo canon para o ano 2014 trala aprobación e publicación da Lei 11/2013 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación da D.A.21ª.
- || Informe emitido o 09/01/2014 polo Técnico municipal medio de actividades da área de Turismo e Medio ambiente sobor das vantaxes e facendo unha comparativa respecto da prestación do servizo vía MSB fronte a xestión actual
- || Providencia da Alcaldía cara á adhesión á Mancomunidade solicitando os informes preceptivos previos ao sometemento do asunto ao Pleno corporativo.

2. **NORMATIVA APLICABLE**

- artigo 141.3 da Constitución Española de 1978
- Carta Europea de Autonomía Local de 15/10/1985, ratificada por España o 20/01/1988 (CEAL)
- Lei de Bases de Réxime Local 7/1986 (en diante LBRL)
- Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia
- Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, aprobada por RD. 781/1986 (TRRL)
- R.D 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.
- Regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL)
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das EELL, aprobado por R.D 2568/1986. (ROF)

En relación á materia de que se trata:

- Lei estatal 22/2011 de residuos e solos contaminados
- Lei 10/2008 de residuos de Galicia (derroga a Lei 10/97) hoxe desprazada pola Lei 2011
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020

Asemade a nivel municipal dispoñemos de:

- Ordenanza municipal de limpeza e medio ambiente (BOP 30/04/1996 e a modificación publicada o 05/04/2010)
- Ordenanza municipal reguladora do Punto Limpo (BOP 27/12/2008, vigor o 16/01/2009)

3. **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

3.1. NATUREZA, REGULACIÓN, FUNCIONAMENTO DAS MANCOMUNIDADES

NATUREZA E FUNDAMENTO

As Mancomunidades son un exemplo tipo de asociacionismo municipal voluntario (non imposto polo Estado ou Comunidade Autónoma) para a xestión de determinados e concretos servizos municipais que adquiren unha dimensión supramunicipal ou susceptible de xestión mais eficaz e económica de xeito que serían o paradigma da descentralización por servizos e de entes municipais non necesarios.

O asociacionismo é obxecto de protección no artigo 10 da Carta Europea de Autonomía Local cando di que as EELL teñen dereito, no exercicio das súas competencias, a cooperar no ámbito da lei, e asociarse con outras EELL para a realización de tarefas de interese común.

Configúranse historicamente como Entidade Local con un marcado carácter cooperador supramunicipal, atopando o seu fundamento constitucional no artigo 141.3 da Carta Magna.

A desagregación do tronco municipal de un ou varios servizos por parte de varios concellos e a súa entrega a un ente institucional esixe establecer unhas normas de funcionamento e organización que se reflicten nos Estatutos da Mancomunidade e que poderán concretarse mais no regulamento do servizo ou servizos que se xestionen. Así pois, os servizos a prestar concretaranse nos Estatutos sendo unicamente dirixidos aos concellos asociados e non a terceiros pola propia esencia do ente ("execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia")

Precisamente o protagonismo destas entidades estaría para garantir a prestación dos servizos mínimos que han de prestar as entidades locais de conformidade co artigo 26 da LBRL, en tanto este precepto aclara que débense prestar polos concellos por si mesmos ou asociados. A xurisprudencia (Sentenza do Tribunal Supremo do 12/12/2000) enfatiza os límites de actuación das Mancomunidades, posto que non invadirán atribucións doutras administracións Públicas, debendo tratarse de obra pública ou de servizos de competencia municipal.

REGULACIÓN

A súa **regulación básica** está no artigo **44 da LBRL** que di:

<<1. Se reconoce a los municipios el derecho a asociarse con otros en mancomunidades para la ejecución en común de obras y servicios determinados de su competencia.

2. Las mancomunidades tienen personalidad y capacidad jurídicas para el cumplimiento de sus fines específicos y se rigen por sus Estatutos propios. Los Estatutos han de regular el ámbito territorial de la entidad, su objeto y competencia, órganos de gobierno y recursos, plazo de duración y cuantos otros extremos sean necesarios para su funcionamiento.

En todo caso, los órganos de gobierno serán representativos de los ayuntamientos mancomunados.

3. El procedimiento de aprobación de los estatutos de las mancomunidades se determinará por la legislación de las comunidades autónomas y se ajustará, en todo caso, a las siguientes reglas:

- a) La elaboración corresponderá a los concejales de la totalidad de los municipios promotores de la mancomunidad, constituidos en asamblea.
- b) La Diputación o Diputaciones provinciales interesadas emitirán informe sobre el proyecto de estatutos.
- c) Los Plenos de todos los ayuntamientos aprueban los estatutos.

4. Se seguirá un procedimiento similar para la modificación o supresión de mancomunidades.

5. Podrán integrarse en la misma mancomunidad municipios pertenecientes a distintas comunidades autónomas, siempre que lo permitan las normativas de las comunidades autónomas afectadas.>>

Asemade reglase a nivel autonómica na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia no capítulo III do Título III:Artículo 135

Artículo 135

1. Los municipios de la Comunidad Autónoma de Galicia tendrán derecho a asociarse en mancomunidades para la ejecución o prestación, en común, de obras, servicios y actividades de su competencia.

2. El objeto de la mancomunidad deberá ser determinado y no podrá asumir todas las competencias de los municipios asociados.

Artículo 136

1. La Junta de Galicia, a través de la Consejería competente en materia de régimen local:

- a) Prestará cuanta asistencia técnica y jurídica sea necesaria para la constitución y funcionamiento de una mancomunidad.
- b) Consignará en el proyecto de presupuestos una partida destinada al fomento y ayuda de las mancomunidades municipales estimulando el régimen asociativo.

2. Las ayudas a que se refiere la letra b) del apartado anterior serán compatibles con otras que, en función de la naturaleza de la obra o servicio objeto de la mancomunidad, pudiesen ser otorgadas por la propia Comunidad Autónoma.

3. La prestación mancomunada de los servicios municipales o, en su caso, la realización de obras del mismo modo será un criterio a considerar favorablemente a la hora de otorgar cualquier tipo de ayuda o subvención por parte de la Junta de Galicia.

SECCION 1 Del procedimiento de constitución y disolución de las mancomunidades de municipios

Artículo 137

La iniciativa para la constitución de una mancomunidad podrá partir de uno o varios de los municipios interesados.

Artículo 138

1. Los expedientes para la constitución de mancomunidades municipales, así como para la elaboración y subsiguiente aprobación de sus estatutos, se iniciarán con los acuerdos de los Ayuntamientos promotores, que serán adoptados por la mayoría absoluta del número legal de miembros de las Corporaciones.

2. Mediante tales acuerdos cada Ayuntamiento designará un representante de la Corporación que pasará a formar parte de la Comisión Gestora, que ostentará la representación del grupo de municipios hasta la definitiva constitución de los órganos de gobierno de la mancomunidad y que se encargará de la tramitación del correspondiente expediente.

3. De entre los miembros de la Comisión Gestora se elegirá un Presidente y actuará como Secretario el del Ayuntamiento a que pertenezca dicho Presidente.

Artículo 139

La elaboración de los estatutos, cuyo contenido mínimo será el que se señala en el artículo 142 de la presente Ley, será competencia de la Comisión Gestora, que los aprobará inicialmente, y su aprobación provisional corresponderá a una asamblea integrada por todos los Concejales de los Ayuntamientos interesados. Esta asamblea será convocada por el Presidente de la Comisión Gestora, y para su válida constitución requerirá la asistencia, al menos, de la mayoría absoluta de los miembros de derecho de la misma, siendo necesaria la presencia, como mínimo, de un representante de cada municipio.

Artículo 140

1. El proyecto de estatutos, una vez aprobado, será sometido, por plazo de un mes, a informe de la Diputación o Diputaciones Provinciales interesadas, se entenderá favorable si en dicho plazo no hubiese sido emitido y se expondrá a información pública por período de un mes para que sean presentadas, por parte de los interesados, las observaciones o sugerencias que estimen precisas.

2. Finalizado el plazo de información pública y antes de la aprobación definitiva, serán remitidos los estatutos, junto con la resolución de las reclamaciones que hubiesen sido presentadas, a la Consejería competente en materia de régimen local para su informe, y ésta podrá formular las observaciones de legalidad, así como las sugerencias y propuestas que considere convenientes.

3. Si del informe a que se refiere el párrafo anterior resultasen modificaciones del proyecto de estatutos provisionalmente aprobado, se someterán las mismas a la consideración de la Comisión Gestora, que, de no aceptarlas, estará obligada a la convocatoria de la asamblea de Concejales para una nueva discusión de las mismas. Tras esta nueva reunión de la asamblea se decidirá si se continúa o no con el procedimiento hasta la aprobación definitiva de los estatutos y la constitución de la mancomunidad.

Artículo 141

1. Comunicada por el Presidente a la Comisión Gestora la emisión de los informes por parte de la Diputación o Diputaciones Provinciales interesadas o por la Consejería competente en materia de régimen local, o transcurrido el plazo legal para ello sin que los mismos hubiesen sido emitidos, los plenos de todos los Ayuntamientos aprobarán, en el plazo de dos meses, los estatutos. Los acuerdos requerirán el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de los miembros de cada una de las Corporaciones.

En el acuerdo de aprobación se designarán los representantes legales de cada Ayuntamiento en la mancomunidad, en el número y condiciones previstas en los estatutos y teniendo en cuenta el pluralismo político existente en las Corporaciones Locales.

2. El Presidente de la Comisión Gestora remitirá copia certificada de los acuerdos de aprobación definitiva de los estatutos y de la constitución de la mancomunidad de municipios a la Consejería competente en materia de régimen local, para su íntegra publicación en el «Diario Oficial de Galicia».

3. Dentro del mes siguiente al de la publicación de los estatutos, el Alcalde del municipio en que radique la sede de la mancomunidad convocará a todos los representantes de los municipios mancomunados, al objeto de elegir a los órganos rectores e iniciar el funcionamiento de la misma.

4. El Presidente de la mancomunidad comunicará a la Administración Central del Estado y a la Junta de Galicia la constitución de la nueva Entidad Local a los efectos de su inscripción en los Registros estatal y autonómico de Entidades Locales.

Artículo 142

1. La organización y funcionamiento de las mancomunidades se regirá por lo establecido en sus propios estatutos, que se aprobarán de conformidad con las prescripciones de la presente Ley y que, en todo caso, deberán contener:

- a) Los municipios que la integran.
- b) El objeto y fines de la mancomunidad.
- c) La denominación y el lugar donde radique la sede de la mancomunidad.
- d) Los órganos de gobierno, el número y forma de designación de los representantes de los municipios asociados y la forma de nombrar y revocar a los administradores.
- e) Los recursos financieros, las aportaciones y compromisos y los derechos y deberes de los municipios asociados.
- f) El plazo de duración y los supuestos de disolución.
- g) Las normas de funcionamiento.
- h) La forma de liquidación
- i) Las relaciones con los municipios interesados.

2. Los órganos de gobierno de la mancomunidad serán representativos de los Ayuntamientos que la integran, debiendo existir, en todo caso, la figura del Presidente y del Pleno de la mancomunidad.

Artículo 143

1. La modificación de los estatutos de la mancomunidad o la disolución de la Entidad Local se ajustará al siguiente procedimiento:

- a) La iniciativa corresponderá al Pleno de la mancomunidad, de oficio o a instancia de los Ayuntamientos que la constituyen.
- b) Adoptado el acuerdo, se someterá a información pública por plazo de un mes y, simultáneamente, se remitirá a la Diputación o Diputaciones Provinciales respectivas y a la Consejería competente en materia de régimen local para su informe, por plazo de un mes.
- c) Finalizado el plazo de exposición pública y recibidos los informes a que se refiere el apartado anterior o transcurrido el plazo de un mes sin que hubiesen sido emitidos, se someterá el acuerdo de modificación de los estatutos o de disolución de la mancomunidad a los plenos de los Ayuntamientos mancomunados. La adopción de dicho acuerdo, que resolverá también las alegaciones, en caso de que éstas hubiesen sido presentadas, requerirá el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de cada una de las Corporaciones.
- d) Aprobados los acuerdos de modificación de los estatutos de la mancomunidad o de disolución de la misma por la mayoría de los Ayuntamientos mancomunados, el Presidente de la mancomunidad remitirá copia certificada de los mismos a la Consejera competente en materia de régimen local, para su íntegra publicación en el «Diario Oficial de Galicia», y los comunicará a la Administración Central del Estado a los efectos establecidos por la legislación básica de régimen local.

2. Toda incorporación o separación de miembros de una mancomunidad conllevará, necesariamente, la modificación de sus estatutos.

3. En caso de que un municipio decida unilateralmente separarse de la mancomunidad, lo manifestará con un año de antelación, sin dejar de cumplir con los compromisos contraídos en ese plazo.

Artículo 144

En caso de disolución de una mancomunidad, la misma mantendrá su personalidad jurídica en tanto no sea adoptado por el Pleno el acuerdo de liquidación y distribución de su patrimonio, el cual se publicará en el «Diario Oficial de Galicia», junto con el de disolución.

SECCION 2 De la organización de las mancomunidades de municipios

Artículo 145

1. Los órganos de gobierno o juntas de mancomunidad estarán integrados por un Presidente, un Vicepresidente que lo sustituya en sus ausencias y el número de Vocales que señalen los estatutos.

2. Los estatutos de la mancomunidad podrán prever, además, la existencia de otros órganos complementarios, ya sean de carácter activo, como la Comisión de Gobierno, o consultivo, como las comisiones informativas, de especial interés cuando sean múltiples los servicios asumidos y gestionados.

Artículo 146

1. En la Junta de la mancomunidad o asamblea estarán representados, en la proporción que se establezca en los estatutos de la mancomunidad, todos los municipios que la integren.

2. La designación del Presidente y del Vicepresidente concernirá a la Junta de mancomunidad o asamblea, y, si nada dicen los estatutos, la elección se realizará en sesión extraordinaria y por mayoría absoluta de votos.

3. El cargo de Secretario o Secretario-Interventor, así como los de Interventor-Tesorero, si existiesen, tendrán que ser ejercidos por funcionarios con habilitación de carácter nacional.

SECCION 3 De las competencias de las mancomunidades de municipios

Artículo 147

Son competencias de las mancomunidades de municipios:

- a) La administración y defensa de su patrimonio.
- b) La ejecución de obras y prestación parcial o integral de servicios de su interés.
- c) Aquellas otras que les sean delegadas o encomendadas por otras Administraciones Públicas.

SECCION 4 De la hacienda de las mancomunidades de municipios

Artículo 148

1. Las mancomunidades de municipios contarán con una hacienda propia integrada por:

- a) Las tasas.
 - b) Los precios públicos.
 - c) Las contribuciones especiales.
 - d) Las aportaciones municipales.
 - e) Los ingresos procedentes de su patrimonio y demás de derecho privado.
 - f) Las subvenciones.
 - g) El producto de operaciones de crédito.
 - h) El producto de multas y sanciones en el ámbito de su competencia.

2. Los Ayuntamientos mancomunados consignarán en sus presupuestos las cantidades precisas para atender, en los sucesivos ejercicios económicos, las obligaciones derivadas de los compromisos contraídos con la mancomunidad a que pertenezcan. Transcurrido el plazo para el ingreso de las aportaciones de los municipios que integran la mancomunidad, su Presidente podrá dirigirse a la Comunidad Autónoma para la retención de los fondos del municipio deudor y su ingreso en la hacienda de la mancomunidad.

O Texto refundido de réxime local tamén lle dedica, entre outros, os seguintes artigos:

Artículo 35

1. Para que los Municipios se mancomunen no será indispensable que pertenezcan a la misma provincia ni que exista entre ellos continuidad territorial, si ésta no es requerida por la naturaleza de los fines de la Mancomunidad.

2. Las Mancomunidades no podrán asumir la totalidad de las competencias asignadas a los respectivos Municipios.

3. De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 47.3.b) de la [Ley 7/1985, de 2 de abril](#), los acuerdos aprobatorios de la constitución y Estatutos de la Mancomunidad deberán adoptarse por cada Ayuntamiento con el voto favorable de la mayoría absoluta

del número legal de miembros de la Corporación, previa información pública por plazo de un mes. Cuando se trate de Municipios que sean de distintas Provincias habrá de darse audiencia a las Diputaciones Provinciales respectivas.

4. El órgano de gobierno de la Mancomunidad estará integrado por representantes de los Municipios mancomunados en la forma que determinen los correspondientes Estatutos.

Artículo 36

Los Estatutos de las Mancomunidades municipales habrán de expresar al menos:

- 1.º Los Municipios que comprenden.
- 2.º El lugar en que radiquen sus órganos de gobierno y administración.
- 3.º El número y forma de designación de los representantes de los Ayuntamientos que han de integrar los órganos de gobierno de la Mancomunidad.
- 4.º Los fines de ésta.
- 5.º Los recursos económicos
- 6.º El plazo de vigencia.
- 7.º El procedimiento para modificar los Estatutos, y
- 8.º Las causas de disolución.

Isto aparte das referenzas recollidas noutras textos legais ou regulamentarios.-

GOBERNO E FUNCIONAMENTO

Nos estatutos poderanse establecer libremente os órganos de goberno e ordenar o seu funcionamento e composición, sempre que se respeten os principios de representación de todos os municipios integrados e o de funcionamento democrático dos seus órganos, así como o control e fiscalización dos órganos xestores.

A estrutura normal será a de un órgano unipersoal e outro colexiado integrado por representantes dos concellos mancomunados. A configuración e competencia destes pode ser libremente establecida nos estatutos, se ben habitualmente recóllese unha asimilación á figura do Alcalde e ao pleno municipal, ademais dalgún outro órgano colexiado de composición mais reducida e carácter executivo e aqueles informadores que se constitúan (as comisións informativas)

O réxime de sesión, convocatorias, o seu desenvolvemento e outros extremos en materia organizativa tamén se recollerá nos estatutos, atendéndose supletoriamente ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das EELL para os órganos colexiados municipais.

3.2 ADHESIÓN Á UNHA MANCOMUNIDADE: procedemento e órgano competente/ maioría

En uso do dereito de asociación previsto na Carta Europea de Autonomía Local xunto co recoñecemento das Mancomunidades na Carta Magna, os concellos interesados poden constituír libremente este tipo de Entidades locais non territoriais. Unha vez constituídas poden adherirse outros concellos a un, varios ou todos os servizos que presten.

De conformidade coa remisión do artigo 44.3 da LBRL, na Comunidade Autónoma de Galicia a regulación do procedemento de a aprobación de estatutos, creación e disolución dunha mancomunidade recóllese nos artigos 135 e seguintes da LALGA, sendo este tamén o procedemento a seguir cando estamos ante unha modificación (44.4 LBRL). Asemade cando se trata da adhesión ou separación dun concello, o que conlevará a modificación dos estatutos, seguiráse o **procedemento** específico do artigo 143 LALGA, isto é:

- acordo plenario da mancomunidade de oficio ou a instancia do concello interesado
- sometemento a información pública por 1 mes e simultánea remisión a informe da Deputación Provincial e da Consellería competente en materia de Administración Local.
- Transcorrido o prazo de exposición e emitidos os informes someterase o acordo de modificación dos estatutos aos plenos dos concellos mancomunados, resolvendo de se-lo caso de habelas as alegacións presentadas. Os acordos serán por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
- Remitirase copia certificada dos acordos, exposición pública e acordo inicial xunto cos informes á Consellería competente en materia de Administración Local para a súa publicación no DOG e os comunicará á Administración Xeral do Estado.

Polo tanto, o órgano competente para solicitar a adhesión dunha mancomunidade e comezar a tramitación oficial sería o **Pleno municipal** ao abeiro do estipulado no artigo 22.2. b) LBRL ("participación en organizacións supramunicipales, tales como comarcas u outras entidades que agrupen varios municipios") e artigo 64.2.b) da LALGA.

Igual que para a creación, modificación ou disolución das MANC, a adhesión a estas – que conleva necesariamente a modificación dos estatutos integrando o novo membro e se é o caso repercusión nos órganos de goberno, cotas etc- esixe que o acordo sexa adoptado por **maioría absoluta do número legal** de membros da entidade local a adherirse (artigo 47.2 g) LRBRL)

OPORTUNIDADE DE ADHESIÓN TRALA LEI 27/2013

A disposición adicional 9ª sobre Redimensionamento do sector público local di no seu apartado primeiro: que as EELL do artigo 3.1. non poderán adquirir, constituír nin **participar na constitución directa ou indirecta de novos organismos, consorcios, fundacións, unidades e demais entes durante o tempo de vixencia do seu plan económico-financieiro ou o seu plan de axuste.** Tampouco poden durante ese período realizar **aportacións patrimoniais** a non ser que no exercizo inmediato anterior cumpriran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e o seu período medio de pago a provedores non supere en mais de 30 días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

Pois ben, non se indica nesta DA 9ª se isto afecta tamén á participación nas mancomunidades, ademais de que a MSB non é un novo ente propiamente dito, outra cousa é que estemos a falar da integración do concello.

Por outra banda, **o Concello de Rianxo dispón dun plan de axuste e remítome ao que informe a intervención municipal respecto da excepción legal ás aportacións patrimoniais a estes entes.**

3.3. COMPETENCIAS MUNICIPAIS TRALA LEI 27/2013

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, publicada no BOE do 30/12/2013, e vixente dende o día seguinte, efectuou unha ampla modificación no exercizo polo Estado español da súa competencia de reforma da A.L. para definir con precisión as competencias que deben desenvolver as entidades que a configuran, de xeito que se eviten duplicidades ou solapamentos competenciales e, por ende, reducir custos.

O eixe principal desta reforma á establecer medidas de redución da dimensión do sector público local, o que implica a necesidade de controlar a súa actividade e racionalizar a súa organización.

As **EE.LL non poden asumir competencias que non lles atribúa a lei e para as que non contén con financiamento axeitado** (artigo 7.4: “ as Entidades locais soamente poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra AP...).

Como medida de transparencia as EELL teñen a obriga de determinar o custe efectivo do servizos que prestan de acordo con criterios comunes e remisión ao MFAP para a súa publicación.

Por outra banda, refórzase o papel das Deputacións Provinciais, especialmente coordinando determinados servizos mínimos nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes. E por primeira vez introdúcese medidas concretas para fomentar a fusión voluntaria de concellos.

O artigo 25.1 LBRL establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos previstos nese artigo.

O artigo 85.1. do referido corpo normativo dispón que son servizos públicos locais aqueles que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias.

O artigo 25.2 da LBRL di que ” **o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:**

.../...

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, **xestión de residuos sólidos urbanos** e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

.../..”

Asemade o artigo 25.3 LBRL di que “as competencias municipais nas materias enunciadas neste artigo determinaranse por lei debendo avaliar a conveniencia da implantación dos servizos locais conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sostibilidade financeira”; e o apartado 6 do mesmo precepto di que “ a Lei determinará a competencia municipal propia de que se trate, garantindo que non se produza unha atribución simultánea da mesma competencia a outra Administración Pública”

Os servizos mínimos actualmente nun concello como Rianxo, e segundo o artigo 26 LBRL son:

- En todos os concellos: alumeado público, cemiterio, **recollida de residuos**, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas.
- Nos concellos de poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e **tratamento de residuos.**

O apartado 2 do artigo 26 di que nos concellos de poboación inferior a 20.000 habitantes, será a **Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación de varios servizos, entre os que están: “ a) Recollida e tratamento de residuos** (tamén abastecemento domiciliario de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, limpeza viaria, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación de vías urbanas e alumeado). Nestes servizos a DP actuará de conformidade cos concellos establecendo a forma de prestación, que pode ser ben directa pola Deputación ou ben mediante a implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas.

Neses casos o Ministerio decidirá sobre a proposta formulada que deberá contar co informe preceptivo da CA, se é a que exerce a tutela financeira.

Soamente cando o municipio xustifique ante a Deputación que pode prestar o servizo cun coste efectivo menor que o derivado da proposta provincial ou de entidade equivalente, o concello poderá asumir a prestación e coordinación destes servizos.

Non consta no expediente comunicación ningunha coa Deputación Provincial ao respecto. Sen embargo, en tanto a adhesión deste concello á MSB require unha modificación dos seus estatutos, estes serán sometidos á informe do ente provincial que terá ocasión para pronunciarse sobre o articulado mencionado. Ademais sendo tan recente a entrada en vigor da nova redacción do artigo 26 LBRL (31/12/2013) a propia Deputación pode ser que estime precisamente a MSB como fórmula de xestión compartida mais axeitada. En calquera caso, antes de iniciar oficialmente o proceso de adhesión o procedente sería coñecer a proposta da Deputación para esta zona.

3.4. XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS

XENERALIDADES

O artigo 85 da LBRL dispón que son servizos públicos locais aqueles que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias, debendo xestionarse do xeito mais sostible e eficiente de entre as fórmulas de xestión directa ou indirecta.

Por outra parte, a iniciativa para o desenvolvemento de actividades económicas será sempre que este garantida o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sostibilidade financeira do exercizo das súas competencias, xustificándose no expediente de conveniencia e oportunidade que non xera risco para a sostibilidade financeira do conxunto da facenda municipal debendo constar un análise de mercado, relativo á oferta e á demanda existente, a rendabilidade e aos posibles efectos da actividade local sobre a concorrència empresarial.

A aprobación das formas de xestión dos servizos públicos locais compete ao Pleno corporativo (artigos 22.2.f. e 86.1. da LBRL, 64.2h LALGA, 97.1 TRRL, e 50 ROF).

O artigo 47.2k) LBRL require que os acordos de municipalización de actividades en réxime de monopolio e a aprobación da forma concreta da xestión do servizo correspondente debe adoptarse co voto da maioría absoluta do número legal de membros da corporación. Asemade debe ir seguido do acordo de aprobación do órgano competente da CA (artigo 86.2 LBRL)

Por último, modificouse o artigo 97 TRRL tamén pola Lei 27/2013 e di que para a execución efectiva en réxime de monopolio das actividades reservadas do artigo 86.2 LBRL requirírase o cumprimento dos trámites previstos no número anterior sobre a súa conveniencia e **recabará informe da autoridade de competencia correspondente**, se ben o acordo aprobarase por maioría absoluta do número legal de membros da corporación. Unha vez adoptado este acordo, elevarase ao órgano competente da CA que resolverá en tres meses.

SERVIZO DE RESIDUOS

Tipo de servizo para o Concello de Rianxo e situación actual

A recollida e tratamento de residuos é un servizo mínimo para o Concello de Rianxo ao abeiro do artigo 26 LBRL e normativa sectorial de aplicación. É mais, o artigo 86.2.LBRL declara a reserva da recollida, tratamento e aproveitamento de residuos en favor dos concellos, requirindo a súa efectiva execución en réxime de monopolio o acordo de aprobación do pleno xunto co acordo do órgano competente da CA.

Actualmente o servizo de recollida de residuos estase a prestar por dúas empresas sen mediar licitación ningunha:

- Manuel Ordoñez S.L: residuos orgánicos (rematado o contrato que detentaba o 30/06/2012)

Cómpre engadir que os contedores son municipais e dispónse de contedores soterrados en Martelo e Paseo da Ribeira. O camión de recollida e transporte non e de titularidade pública.

- COREGAL, S.L: envases, papel e vidro (descoñezo si existe firmado convenio ou acordo algún)

O artigo 9 da lei 11/97 de envases e residuos de envases establece que a participación das EELL no sistema integrado de xestión levarase a efecto mediante a sinatura de convenios de colaboración entre estas e a entidade á que se lle encargue a xestión do sistema.

O transporte de residuos préstase tamén por Coregal ben a SOGAMA no caso dos envases ben aos xestores autorizados, segundo di o informe do técnico municipal do 09/01/2014.

En canto ao tratamento de residuos remítome ao explicitado polo técnico municipal no seu informe.

Estímase que polo de agora, no tocante aos residuos orgánicos trátase dun contrato de servizos abonados contra factura sen risco ningún para o contratista – ao ser o prezo certo independente do grao de uso polos usuarios- á luz do informe 23/2010, emitido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda (así se informaba por esta funcionaria e a intervención ao fío da prórroga do contrato de xestión anteriormente existente). Descoñezo se é así tamén no caso do resto de residuos de envases, papel e vidro ao non dispoñer dos textos que regulan a vinculación co concello.

Esta Secretaria tamén ten emitido informes respecto doutras proposta relativas a residuos:

- borrador do convenio entre o Concello de Rianxo e a empresa Compostel Inserta empresa de Inserción Laboral, S.L. para a recollida de aceite vexetal usado. Informe do 18/12/2012.

- borrador do convenio entre o Concello de Rianxo e a Asociación galega pro desenvolvemento de AFRICA EQUUS CEBRA para a recollida selectiva de ropa usada. Informe do 06/02/2013.

A oferta presentada pola MSB, na súa paxina 6 inclúe:

- recollida e transporte ata o complexo medioambiental de Servia
- recollida e transporte a xestor autorizado: papel e cartón, envases de vidro

- recollidas individualizadas menores: pilas, voluminosos do fogar
- mantemento e lavado do parque de contedores
- tratamento e xestión no complexo medioambiental do Barbanza das fraccións recollidas.

Outros aspectos vinculados a esta materia

Vertedoiro municipal: O único vertedoiro estaba localizado no actual Parque empresarial clausurouse. Agora é un sistema xeral pendente de remodelación.

Compostoiros: hai atrás licitouse o subministro de 50 compostoiros que logo se ofrecerían aos particulares.

Punto limpo: existe un Convenio polo que a Consellería de Medio Ambiente entregou o Punto Limpo ao concello para a súa explotación, mantemento e conservación.

Actualmente estase a prestar o servizo por COREGAL-COGAMI sen proceso licitatorio ningún e encargase da recollida dos residuos e execución dos servizos determinados no convenio, e da xestión (recepción, atención...) do PL na súa totalidade (sexan os residuos recollidos por esa empresa ou entregados por outras empresas ou particulares ou outros xestores)

Dispónse dunha ordenanza reguladora do Punto Limpo (BOP 27/12/2008, vigor o 16/01/2009).. Á vista desta a xestión integral do PL suporía encargarse da recepción, e de se-lo caso, da recollida dos residuos (artigo 6), isto é, de todos os admisibles nesa planta. Polo tanto, se ben o artigo 4 permite ao concello acadar acordos e convenios con empresas para a prestación do servizo, ilo non pode conlevar exclusións doutras entidades.

A capacidade de admisión do PL en canto a vidro, aceite vexetal e papel e cartón é ilimitada. Non así para voluminosos e outros (art.8 OPL)

Cómpre se redacte un estudo económico onde se identifiquen e avalien os custos derivados deste servizo, relación das cantidades (peso) dos diferentes residuos que se veñen depositando no PL para determinar así o custo do servizo.

Na OPL indícanse as obrigas que tería un concesionario do servizo. Deberían figurar no texto do convenio-contrato (PPT)

No artigo 13.8 PL di que os usuarios depositaran os residuos no colector correspondente, e os transportistas deberán seguir as instrucións do “operario do centro”. No apartado 10 do mesmo precepto di que o “ encargado do PL” poderá rexeitar.... O operario é o que avisa de que os colectores estan cheos e avisa aos xestores ou transportistas para a súa retirada ou traslado.

O concello podería habilitar a recollida domiciliar de voluminosos (e cobrar taxa por ilo)

Minipuntos limpos: O Informe 2/2009, do 25/06/2009, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dependente da Consellería de Facenda, en consulta sobre a cualificación xurídica dun contrato administrativo con obxecto da xestión e explotación de minipuntos limpos, conclúe tralo análise efectuado que sería unha actividade de servizo público municipal que poderá ser xestionado de xeito directo ou indirecto polo concello sempre e cando se contemple así nos seus plans de residuos (no texto do informe atende a aspectos como que o destinatario directo é a Administración, non os particulares, se hai risco ou ventura para o contratista ou este cobra directamente da Admon).

Poderían considerarse Minipuntos limpos os contedores empregados para a recollida selectiva de pequenos residuos sólidos de uso doméstico (pilas, disquetes, cd....)

Recollida de neumáticos usados: excluído do PL xa que polo RD. 1619/2005 sobre a xestión de neumáticos fora de uso correspóndelle ao produtor destes (fabricante, importador) así que os talleres ou establecementos onde se montan os neumáticos novos deben aceptar os usados entregandoos ao produtor ou xestor autorizado. Esta excluído o usuario ou propietario do vehículo. O sistema integrado de xestión destes residuos SIGNUS se garante a través dunha taxa de reciclaxe que cobran os xeneradores no momento de substitución (uns 1,57€ por unidade). Así que si a recollida a fixera o concello está realizando unha actividade que debería efectuarse por xestor autorizado de xeito gratuído para o taller. Consumiríanse recursos públicos sen necesidade (desgaste inmovilizado, consumibles, persoal) xa que o sistema xa esta abonado polos consumidores.

Limpeza viaria: o 27/03/2014 remata o actual contrato de servizos de limpeza viaria. Cómpre indicar que entre os seus cometidos atópanse no apartado 4 do prego de prescricións técnicas: <<Asemade retiraranse os cadáveres de ratóns, felinos, cans, páxaros e demais animais que se atoparan na vía pública, poñéndoo en coñecemento inmediato do Técnico municipal de medioambiente polas medidas que se podan adoptar ao respecto.>>. O que hai que resaltar por si se estima que está incluído no servizo da mancomunidade e polo tanto, non incluír nunha vindeira contratación ou servizo de limpeza viaria.

Forma de xestión proposta e adhesión á MSB

Unha vez que se realice a incorporación do concello á MSB, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos pasará a ser prestado pola devandita entidade supramunicipal, polo que, en certo modo, muda a forma de xestión actual.

En tanto o servizo prestaríase pola MSB debeu ser esta a que tramitou o expediente do artigo 97 TRRL, e non o concello que se adhesiona, sen prexuízo de que por lóxica o concello que pretende integrarse deberá de valorar os aspectos sociais, xurídicos, económicos e demais de xeito que teña a base e xustificación suficiente para adoptar o paso de integración e prestación do servizo vía outra entidade.

No relativo aos aspectos económicos remítome ao que informe a intervención municipal sopesando o estudo económico e custos de integración así como o cumprimento do Plan de axuste e demais normativa que lle fora de aplicación.

Os aspectos medioambientais trátanse no informe expedido polo Técnico medio de actividades que sinala as vantaxes efectuando comparativa co sistema actual fronte ao que resultaría da integración.

En pro da integración tamén xoga a nova redacción sobre a prestación dos servizos polos concellos de 20.000 habitantes que serán coordinados polas DP que establecerían a forma de prestación directa ou ben compartida a través de fórmulas como as das Mancomunidades (artigo 26.2 LBRL), se ben non consta a proposta da DP nin solicitude a este ente en tal sentido, o que pode ser emendado co informe que a DP expedirá no relativo á modificación dos estatutos.

A forma de prestación de servizos que ten establecida a MSB sería a que asumiría o concello de integrarse nela. Concretamente trátase dunha concesión administrativa de servizos públicos que é unha das formas de xestión indirecta previstas no RD.3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, básico e ao que remite o artigo 85.2.b) LBRL, non sendo o caso de funcións reservadas en exclusiva a funcionarios públicos.

OUTRAS CUESTIÓNS

Cómpre indicar que a MSB á vez que tramita a modificación pertinente para a adhesión do Concello de Rianxo tamén posiblemente aproveite para dar cumprimento á adaptación dos estatutos antes do 30/06/2014 que esixe a Disposición transitoria 11ª da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

A mencionada disposición di que as competencias das Mancomunidades estarán orientadas exclusivamente á realización de obras e prestación dos servizos públicos que sexan necesarios para que os concellos podan exercer as competencias ou prestar os servizos enumerados nos artigos 25 e 26 LBRL, entre os que está como mínimo o de Xestión integral de residuos que se propón.

1. CONCLUSIÓN

En consecuencia, tanto para a adhesión á mancomunidade como entidade supramunicipal como para establecer ou mudar a forma de xestión de servizos o competente é o **Pleno corporativo e por maioría absoluta do número legal de membros da corporación**.

A comunicación da MSB dun acordo previo pola Xunta de Goberno é incorrecta posto que este órgano non ten atribuídas legalmente competencias propias, senón que exerce aquelas competencias delegadas polo Pleno ou Alcaldía (no caso do Concello de Rianxo unicamente por este último na actualidade) e nunca podería delegarse polo Pleno aquelas competencias que requiren maioría especial (artigo 22.2.p. LBRL), resultando nulo de pleno dereito aqueles acordos que incorran en incompetencia por razón do órgano.

O que informo sen prexuízo do que corresponda informar á intervención municipal especialmente respecto de:

- os custes propostos da integración e a súa comparativa cos custes actuais e servizos a prestar
- a corrección do estudo económico presentado
- o do Plan de axuste e demais normativa de aplicación (incluída a Disposición adicional 9ª da LBRL trala redacción operada pola Lei 27/2013)
- outros aspectos que estime pertinentes

Rianxo, 23 de xaneiro de 2014
A Secretaria>>

Emitido o informe preceptivo da intervención municipal, pola funcionaria con habilitación de carácter estatal, Manuela Barcia Vázquez que di:

<<INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Integración do Concello de Rianxo na Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza" como membro de pleno dereito para a prestación do servizo de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e asimilables

Vista a providencia da alcaldía, de data 14 de xaneiro de 2014, por medio da cal se ordena a emisión por parte da intervención municipal do informe preceptivo previo á adopción do acordo en relación co asunto mencionado, a funcionaria que subscribe, que tomou posesión do posto de intervención municipal en data 10/02/2014, en virtude de nomeamento provisional conferido pola Dirección Xeral de Administración Local de data 07/02/2014, ten a ben emitir o seguinte INFORME:

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Constitución Española de 1978.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*
- *Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solo contaminado*
- *Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia*
- *Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRL CSP)*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos (en todo aquilo que non contradiga a anterior norma)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007.*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais*
- *Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2014*
- *Plan de axuste aprobado polo Pleno da corporación municipal en data 30/03/2012, ao abeiro do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo*

de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, e informado favorablemente polo Ministerio de Hacienda Y Administraciones Públicas (minhap)
- Ordenanzas municipais

2.- FISCALIZACIÓN

Proponse ao Pleno do Concello de Rianxo a integración da entidade na Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza, como membro de pleno dereito para a prestación do servizo de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e asimilables.

2.1.- Da competencia do Concello de Rianxo para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e asimilables e da posibilidade de adhesión a unha mancomunidade que ten como fin a xestión dos residuos sólidos

Ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), na nova redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, gozan da condición de entidades locais "d) As mancomunidades de municipios".

O artigo 44.1 da LBRRL recoñece aos municipios o dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia. O literal do artigo 44 é do seguinte xeito:

1. *Se reconoce a los municipios el derecho a asociarse con otros en mancomunidades para la ejecución en común de obras y servicios determinados de su competencia.*

2. *Las mancomunidades tienen personalidad y capacidad jurídicas para el cumplimiento de sus fines específicos y se rigen por sus Estatutos propios. Los Estatutos han de regular el ámbito territorial de la entidad, su objeto y competencia, órganos de gobierno y recursos, plazo de duración y cuantos otros extremos sean necesarios para su funcionamiento.*

En todo caso, los órganos de gobierno serán representativos de los ayuntamientos mancomunados.

3. *El procedimiento de aprobación de los estatutos de las mancomunidades se determinará por la legislación de las comunidades autónomas y se ajustará, en todo caso, a las siguientes reglas:*

ra a) *La elaboración corresponderá a los concejales de la totalidad de los municipios promotores de la mancomunidad, constituidos en asamblea.*

ra b) *La Diputación o Diputaciones provinciales interesadas emitirán informe sobre el proyecto de estatutos.*

ra c) *Los Plenos de todos los ayuntamientos aprueban los estatutos.*

4. *Se seguirá un procedimiento similar para la modificación o supresión de mancomunidades.*

5. *Podrán integrarse en la misma mancomunidad municipios pertenecientes a distintas comunidades autónomas, siempre que lo permitan las normativas de las comunidades autónomas afectadas.*

No capítulo III "Competencias" do Título III "El municipio" da LBRRL, recentemente modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, o artigo 25 establece que:

1. *El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.*

2. *El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:*

(...)

ra b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, luminica y atmosférica en las zonas urbanas.*

(...)

3. *Las competencias municipales en las materias enunciadas en este artículo se determinarán por Ley debiendo evaluar la conveniencia de la implantación de servicios locales conforme a los principios de descentralización, eficiencia, estabilidad y sostenibilidad financiera.*

4. *La Ley a que se refiere el apartado anterior deberá ir acompañada de una memoria económica que refleje el impacto sobre los recursos financieros de las Administraciones Públicas afectadas y el cumplimiento de los principios de estabilidad, sostenibilidad financiera y eficiencia del servicio o la actividad. La Ley debe prever la dotación de los recursos necesarios para asegurar la suficiencia financiera de las Entidades Locales sin que ello pueda conllevar, en ningún caso, un mayor gasto de las Administraciones Públicas.*

Los proyectos de leyes estatales se acompañarán de un informe del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas en el que se acrediten los criterios antes señalados.

5. *La Ley determinará la competencia municipal propia de que se trate, garantizando que no se produce una atribución simultánea de la misma competencia a otra Administración Pública.*

Concretamente, a materia consistente na xestión dos residuos sólidos urbanos será exercida como competencia propia polos municipios, nos termos:

- Por un lado, da lexislación estatal, Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, cuxo artigo 12.5 (que é lexislación sobre bases do réxime xurídico das Administracións Públicas) establece que:

“Corresponde a las Entidades Locales, o a las Diputaciones Forales cuando proceda:

- 7.ª a) Como servicio obligatorio, la recogida, el transporte y el tratamiento de los residuos domésticos generados en los hogares, comercios y servicios en la forma en que establezcan sus respectivas ordenanzas en el marco jurídico de lo establecido en esta Ley, de las que en su caso dicten las Comunidades Autónomas y de la normativa sectorial en materia de responsabilidad ampliada del productor. La prestación de este servicio corresponde a los municipios que podrán llevarla a cabo de forma independiente o asociada.*
- 7.ª b) El ejercicio de la potestad de vigilancia e inspección, y la potestad sancionadora en el ámbito de sus competencias.*
- 7.ª c) Las Entidades Locales podrán:*
 - o 1.º Elaborar programas de prevención y de gestión de los residuos de su competencia.*
 - o 2.º Gestionar los residuos comerciales no peligrosos y los residuos domésticos generados en las industrias en los términos que establezcan sus respectivas ordenanzas, sin perjuicio de que los productores de estos residuos puedan gestionarlos por sí mismos en los términos previstos en el artículo 17.3. Cuando la entidad local establezca su propio sistema de gestión podrá imponer, de manera motivada y basándose en criterios de mayor eficiencia y eficacia en la gestión de los residuos, la incorporación obligatoria de los productores de residuos a dicho sistema en determinados supuestos.*
 - o 3.º A través de sus ordenanzas, obligar al productor o a otro poseedor de residuos peligrosos domésticos o de residuos cuyas características dificultan su gestión a que adopten medidas para eliminar o reducir dichas características o a que los depositen en la forma y lugar adecuados.*
 - o 4.º Realizar sus actividades de gestión de residuos directamente o mediante cualquier otra forma de gestión prevista en la legislación sobre régimen local. Estas actividades podrán llevarse a cabo por cada entidad local de forma independiente o mediante asociación de varias Entidades Locales.*

6. Las administraciones públicas en sus respectivos ámbitos competenciales podrán declarar servicio público todas o algunas de las operaciones de gestión de determinados residuos cuando motivadamente se justifique por razones de adecuada protección de la salud humana y del medio ambiente.”

- Por outro lado, da lexislación autonómica, Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, cuxo artigo 5 establece que:

“Artículo 5 Competencias de las entidades locales en materia de residuos

1. Las entidades locales serán competentes para la gestión de los residuos urbanos, en los términos previstos en la presente ley y en la Ley 10/1998, de 21 de abril, de residuos.

2. En particular, corresponde a los municipios:

- a) Prestar, por sí solos o asociados, los servicios derivados de la gestión de los residuos urbanos o municipales en la forma que se establezca en sus respectivas ordenanzas y, en su caso, planes de gestión de residuos.*

Los municipios gestionarán los servicios públicos de recogida, transporte, valorización y eliminación de residuos urbanos o municipales de forma directa o indirecta.
- b) Implantar sistemas de recogida selectiva de residuos urbanos o municipales que posibiliten su reciclaje y otras formas de valorización.*
- c) Llegar a acuerdos con quienes produzcan residuos comerciales para la consecución de su correcta gestión.*
- d) Elaborar los planes de gestión de residuos urbanos, de acuerdo con lo que, en su caso, se establezca en la presente ley y en los planes de residuos de la Comunidad Autónoma de Galicia.*
- e) Gestionar adecuadamente los residuos urbanos o municipales abandonados en vías o espacios públicos de titularidad municipal.*
- f) Vigilar, inspeccionar y sancionar en el ámbito de sus competencias.*
- g) Ejercer las competencias que, en su caso, les sean atribuidas con carácter temporal o permanente por las administraciones competentes, mediante acuerdos o cualquier otro instrumento administrativo. Dicho ejercicio podrá llevarse a cabo directamente o mediante la constitución y participación en entes supramunicipales o de otra índole de entre los previstos en el ordenamiento jurídico.”*

Aténdose ao establecido no artigo 26 da LBRL (modificado pola Lei 27/2013), o Concello de Rianxo, aténdose á súa poboación, deberá prestar, en todo caso, os servizos de recollida (26.1.a) e tratamento (26.1.b) de residuos.

Agora ben, o apartado 2 do devandito artigo 26 sinala o seguinte:

“Artículo 26

(...)

2. En los municipios con población inferior a 20.000 habitantes será la Diputación provincial o entidad equivalente la que coordinará la prestación de los siguientes servicios:

a) Recogida y tratamiento de residuos.

(...)

Para coordinar la citada prestación de servicios la Diputación propondrá, con la conformidad de los municipios afectados, al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas la forma de prestación, consistente en la prestación directa por la Diputación o la implantación de fórmulas de gestión compartida a través de consorcios, mancomunidades u otras fórmulas. Para reducir los costes efectivos de los servicios el mencionado Ministerio decidirá sobre la propuesta formulada que deberá contar con el informe preceptivo de la Comunidad Autónoma si es la Administración que ejerce la tutela financiera.

Cuando el municipio justifique ante la Diputación que puede prestar estos servicios con un coste efectivo menor que el derivado de la forma de gestión propuesta por la Diputación provincial o entidad equivalente, el municipio podrá asumir la prestación y coordinación de estos servicios si la Diputación lo considera acreditado.

Cuando la Diputación o entidad equivalente asuma la prestación de estos servicios repercutirá a los municipios el coste efectivo del servicio en función de su uso. Si estos servicios estuvieran financiados por tasas y asume su prestación la Diputación o entidad equivalente, será a ésta a quien vaya destinada la tasa para la financiación de los servicios.

3. La asistencia de las Diputaciones o entidades equivalentes a los Municipios, prevista en el artículo 36, se dirigirá preferentemente al establecimiento y adecuada prestación de los servicios mínimos.”

Subscribiendo o sinalado no informe de secretaría que obra no expediente, en relación con esta cuestión, non consta no expediente comunicación ningunha coa Deputación provincial ao respecto. En todo caso, como a adhesión do Concello de Rianxo á Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza” require a modificación dos seus estatutos aténdose ao procedemento sinalado no artigo 44 da LBRL como lexislación básica, así como nas normas de desenvolvemento, de tal xeito que a devandita modificación precisa informe da Deputación provincial, dito ente poderá pronunciarse sobre o sinalado no artigo transcrito anteriormente. Non obstante, tal e como se sinala pola secretaría municipal, procedería coñecer a proposta da Deputación provincial para esta zona con anterioridade ao inicio dos trámites para a adhesión á Mancomunidade.

O artigo 36 da Lei 27/2013 modificou a disposición adicional novena da LBRL que quedou redactada como segue:

«Disposición adicional novena Redimensionamiento del sector público local

1. Las Entidades Locales del artículo 3.1 de esta Ley y los organismos autónomos de ellas dependientes no podrán adquirir, constituir o participar en la constitución, directa o indirectamente, de nuevos organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundaciones, unidades y demás entes durante el tiempo de vigencia de su plan económico-financiero o de su plan de ajuste.

Las entidades mencionadas en el párrafo anterior durante el tiempo de vigencia de su plan económico-financiero o de su plan de ajuste no podrán realizar aportaciones patrimoniales ni suscribir ampliaciones de capital de entidades públicas empresariales o de sociedades mercantiles locales que tengan necesidades de financiación. Excepcionalmente las Entidades Locales podrán realizar las citadas aportaciones patrimoniales si, en el ejercicio presupuestario inmediato anterior, hubieren cumplido con los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y su período medio de pago a proveedores no supere en más de treinta días el plazo máximo previsto en la normativa de morosidad.”

Entende esta intervención que a devandita D.A. 9ª da LBRL, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, non se está a referir ás Mancomunidades, por ser consideradas entidades locais, de acordo co artigo 3.2 da LBRL, e recoñecerse expresamente na LBRL, como tamén acontece na Carta Europea de Autonomía Local, o dereito ao asociacionismo municipal.

Sí se ven afectadas as Mancomunidades pola regulación contida na D.T. undécima da Lei 27/2013, segundo a cal “En el plazo de seis meses desde la entrada en vigor de esta Ley, las mancomunidades de municipios deberán de adaptar sus estatutos a lo previsto en el artículo 44 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Rgimen Local, para no incurrir en causa de disolución.

Las competencias de las mancomunidades de municipios estarán orientadas exclusivamente a la realización de obras y la prestación de los servicios públicos que sean necesarios para que los municipios puedan ejercer las competencias o prestar los servicios enumerados en los artículos 25 y 26 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Rgimen Local.

El expediente para la disolución será iniciado y resuelto por el Órgano de Gobierno de la Comunidad Autónoma, y en todo caso conllevará:

- ~ a) Que el personal que estuviera al servicio de la mancomunidad disuelta quedará incorporado en las Entidades Locales que formaran parte de ella de acuerdo con lo previsto en sus estatutos.
- ~ b) Las Entidades Locales que formaran parte de la mancomunidad disuelta quedan subrogadas en todos sus derechos y obligaciones.

expediente, alúdese neles á súa personalidade xurídica e polo tanto á súa capacidade para xestionar en concreto, segundo resulta do seu artigo 2, “a xestión dos residuos sólidos”, permitindo a adhesión de novos membros no seu artigo 1.3: “poderán adherirse outros Concellos mediante o procedemento establecido no artigo 19 destes Estatutos”. O devandito artigo 19 establece que “correspóndelle á Xunta da Mancomunidade a proposta de modificación ou adhesión e á Asemblea Xeral a aprobación definitiva co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros.” Polo tanto, esta intervención entende que a Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza” sería competente para a xestión de residuos segundo os

seus Estatutos, e o servizo público do Concello de Rianxo que, no seu caso, pasaría a prestar, enumérase nos artigos 25 e 26 da LBRL, tal e como exige a D.T. undécima da Lei 27/2013.

O artigo 36 do TRRL sinala o contido mínimo que deben ter os Estatutos, destacando no punto quinto os recursos económicos. Tamén no artigo 152 do TRLRFL establece que as entidades locais asociativas e demais entidades supramunicipais poderán establecer e esixir taxas, contribucións especiais e prezos públicos, de conformidade co previsto nas súas normas e na lexislación vixente.

Neste caso, a pesares de que nos Estatutos da mancomunidade, entre outros recursos, recóllense entre as taxas pola prestación dos servizos ou realización de actividades administrativas da súa competencia, na proposta de acordo plenario mantense por parte do Concello de Rianxo a titularidade da xestión, recadación e inspección da taxa reguladora do servizo de recollida de lixo.

2.2.- Análise dos últimos custos anuais efectivos do servizo de recollida e tratamento de residuos

Para levar a cabo o estudo, tense en conta a oferta técnica que a empresa concesionaria do servizo FCC, S.A. presentou ante a Mancomunidade, incluída na "Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo". Segundo a mesma, o oferta de prestación do servizo integral de xestión dos RSU ao Concello de Rianxo inclúe:

- || Recollida e transporte ata o Complexo Medio Ambiental de Servia da fracción "orgánica" e "resto".
Actualmente o servizo de recollida de RSU está sendo prestado pola empresa Manuel Ordóñez Fernández, S.L., coa que se ten formalizado contrato que xa rematou en data 30/06/2012. A empresa ven facturando o servizo cada ano con periodicidade mensual, documentos de igual importe, actualizados mediante a aplicación do IPC do ano anterior. Préstanse servizos extraordinarios, como son o domingo do Guadalupe, así como a maior intensidade na prestación do servizo nos meses estivais.
- || Recollida e transporte a xestor autorizado, para a súa reciclaxe, da fracción de papel e cartón, e vidro.
Na actualidade o servizo estase a prestar, sen que conste que exista convenio ou acordo algún, pola empresa Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL). A empresa ven facturando o servizo cada ano con periodicidade mensual, documentos de igual importe, actualizados mediante a aplicación do IPC do ano anterior.
- || Outras recollidas individualizadas menores: pilas e residuos voluminosos do fogar.
Dos datos extraídos da contabilidade, non consta ningún gasto contabilizado en concepto de recollida de pilas. O servizo de recollida de voluminosos actualmente estase prestando pola empresa Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL), sen que conste que exista convenio ou acordo algún. A empresa ven facturando o servizo cada ano con periodicidade mensual, documentos de igual importe, actualizados mediante a aplicación do IPC do ano anterior.
- || Mantemento e lavado do parque de contedores, incluíndose a reparación, limpeza e reposición.
- || Tratamento e xestión no Complexo Medio Ambiental do Barbanza das fraccións recollidas.

Actualmente, o tratamento dos RSU estase a facturar por Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA).

No momento actual o servizo público de recollida e tratamento de residuos lévase a cabo polas empresas que se indican na seguinte táboa, na que se recollen ademais, os gastos devengados polo Concello por cada concepto, partindo das seguintes premisas:

- 1) Os datos son extraídos da contabilidade e/ou do rexistro de facturas do que é responsable esta intervención.
- 2) Son gastos devengados no exercicio 2013.
- 3) Todos eles son custos directos, non tendo en conta neste informe de gastos os custos indirectos, por varias razóns: este Concello non leva a cabo amortizacións; e por outra banda os custos indirectos que se puidesen imputar, por exemplo de persoal, son moi pouco significativos en comparación cos custos totais, e trataríase de custos que non se ven reducidos polo cambio de xestión do servizo público.
- 4) Nos últimos exercicios contables, salvo erro ou omisión involuntaria, non se constata gasto en reposición, mantemento ou adquisición de mobiliario afecto ao servizo público, polo que o gasto que se ten en conta procede exclusivamente da facturación das empresas que prestan actualmente o servizo ao Concello e por dito concepto.
- 5) Considérase que o importe que actualmente facturan as empresas en concepto do servizo que prestan, é prezo de mercado, sen prexuízo de que, no caso de non prosperar a proposta de acordo de adhesión á Mancomunidade, sexa necesario licitar os contratos de prestación do servizo, cuxos prezos de licitación deberán estar amparados nun estudo de custos fiable e a prezos de mercado.

EMPRESA	SERVIZO QUE PRESTA	IMPORTE FIXO MENSUAL	IMPORTE SERVIZOS EXTRA-ORDINARIOS	IMPORTE TOTAL ANUAL FACTURADO	PREVISIÓN FACTURACIÓN 2014	Observacións
Manuel Ordóñez Fernández, S.L.	Recollida de residuos orgánicos	15.181,78 €	2.420,00 €	184.601,36 €	185.155,16 €	Ao importe total facturado no 2013 aplícase un incremento do IPC de dec. 2012 a dec. 2013 do 0,3%, xa que tamén a mensalidade de 2013 se incrementou con respecto á do 2012 nun 2,9% (IPC dec. 2011 a dec. 2012), a pesares de non estar en vigor o contrato formalizado no seu día
Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL)	Recollida selectiva de papel e cartón; vidro	841,53 €	0,00 €	10.098,36 €	10.128,66 €	Ao importe total facturado no 2013 aplícase un incremento do IPC de dec. 2012 a dec. 2013 do 0,3%, xa que tamén a mensalidade de 2013 se incrementou con respecto á do 2012 nun 2,9% (IPC dec. 2011 a dec. 2012), a pesares de que non consta neste departamento que haxa contrato formalizado en vigor
Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL)	Recollida de voluminosos	765,27 €	0,00 €	9.183,24 €	9.210,79 €	Ao importe total facturado no 2013 aplícase un incremento do IPC de dec. 2012 a dec. 2013 do 0,3%, xa que tamén a mensalidade de 2013 se incrementou con respecto á do 2012 nun 2,9% (IPC dec. 2011 a dec. 2012), a pesares de que non consta neste departamento que haxa contrato formalizado en vigor
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA)	Tratamento dos residuos urbanos	A facturación consiste nun canon unitario de tratamento por tonelada de residuos de 61,50 €, ive incluído		212.931,84 €	272.372,32 €	Tense en conta a comunicación de SOGAMA de data 13/01/2014 (nº R.E. 177), segundo a cal, a partires de marzo de 2014 o canon pasa a ser de 82,10 €/t, IVE incluído. O canon a aplicar nas facturas de xaneiro e febreiro será de 61,50 €, IVE 18incluído, permanecendo coma no 2013. Pártese da facturación total para calcular o número de toneladas anuais (212.931,84 €/61,50 € por tonelada = 3.462,31 toneladas) e calcúlase unha media mensual
Servigal, S.L.	Recollida de animais mortos			1.379,40 €	1.379,40 €	Non se aplica incremento por IPC por ser de escasa contía a súa repercusión no total de gastos,

EMPRESA	SERVIZO QUE PRESTA	IMPORTE FIXO MENSUAL	IMPORTE SERVIZOS EXTRA-ORDINARIOS	IMPORTE TOTAL ANUAL FACTURADO	PREVISIÓN FACTURACIÓN 2014	Observacións
Manuel Ordóñez Fernández, S.L.	Recollida de residuos orgánicos	15.181,78 €	2.420,00 €	184.601,36 €	185.155,16 €	Ao importe total facturado no 2013 aplícase un incremento do IPC de dec. 2012 a dec. 2013 do 0,3%, xa que tamén a mensuralidade de 2013 se incrementou con respecto á do 2012 nun 2,9% (IPC dec. 2011 a dec. 2012), a pesares de non estar en vigor o contrato formalizado no seu día tratándose dun gasto difícil de prever en cómputo total.
TOTAL				418.194,20 €	478.246,33 €	

Dos datos que resultan da contabilidade de 2013, aínda sen que se efectuase o peche, resultan uns dereitos recoñecidos netos en concepto de taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo que ascenden a 489.760,74 €, dos que se recadaron 463.359,19 €, tal e como se recollen no seguinte cadro, polo que actualmente o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tendo en conta unicamente os custos directos, non está a ser deficitario.

Concepto	Denominación	Dereitos recoñecidos netos 2013	Recadación neta 2013
30200	Serv. recogida de basuras	489.760,74 €	463.359,19 €

2.3.- Análise da oferta económica contida na "Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo" presentada pola actual empresa concesionaria do servizo FCC, S.A. á Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza"

A) En data 07/11/2012 (nº R.E. 8.001), preséntase pola Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza" unha copia da "Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo" efectuada a aquela pola empresa concesionaria FCC, S.A., que se pode resumir do seguinte xeito:

Prezos anuais con IVA ao 10 %	Canon anual	Bonificación cambio de límites de abono do film	Bonificación ampliación do C.M. E cambio de turnos de traballo
Nota: segundo a propia oferta os prezos indicados corresponden ao período agosto 2007-agosto 2008 e tarifa impositiva (IVA ao 10 %), amortizacións de investimentos non incluídas.			
OFERTA BASE: SERVICIO NOCTURNO CASCO URBANO	569.219,85 €	-80.000,00 €	-24.141,65 €
OFERTA BASE: SERVICIO DIURNO CASCO URBANO	545.695,48 €	-80.000,00 €	-24.141,65 €

Nota: esta táboa (contida na páxina 24 do documento de "Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo") supostamente recollería os importes totais das ofertas base, tanto para a modalidade de recollida nocturna no casco urbano como para a modalidade de recollida diurna. Non obstante, nas táboas individuais das ofertas de cada modalidade (páxinas 20 e 21 respectivamente), desglosadas por conceptos de gasto, os importes totais non coinciden cos trasladados ao resumo final, sen que esta intervención chegase a ningunha conclusión sobre cal pode ser a explicación da diferenza.

Nas ofertas base, os importes totais son:

- Modalidade nocturna na recollida do casco urbano: 523.211,00 €
- Modalidade diurna na recollida do casco urbano: 499.686,63 €

Recibida e analizada a oferta anterior, o Concello, mediante escrito dirixido á Presidencia da Mancomunidade (nº R.S. 1.542, de 17/04/2013), manifesta o seu interese na prestación do servizo na modalidade diurna, e así mesmo, solicita que se concrete máis a oferta presentada, por canto que esta non concreta o reparto da cota de amortización de investimentos e conseguíntes cotas do Concello, cotas de gastos ordinarios, e complementaria pola prestación do servizo de recollida. Ademais, e posto que os prezos ofertados están referidos ao período agosto 2007- agosto 2008, requírese información sobre actualizacións de prezos pendentes.

B) A empresa concesionaria FCC, S.A. dou resposta á Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza" en relación con parte da información requirida no escrito anterior, que consta no expediente, e que se resume do seguinte xeito:

- a) Reitérase que o feito de decantarse pola modalidade de recollida diurna no casco urbano, supón que a oferta presentada ascende a 545.695,48 €, correspondente ao período de revisión de agosto 2007- agosto 2008 e IVE do 10 %.
- b) Indícase unha relación de puntos de recollida nos que existen dúbidas que poda xirar o camión de recollida e que se propón reubicar nas inmediacións onde exista posibilidade de xiro do camión. Doutro xeito, elo suporía pasar a recoller cun vehículo de zonas estreitas mediante unha ruta específica, o que suporía un incremento do custo de 33.478,78 €, con prezos de agosto 2007-agosto 2008 e IVE do 10 %, e 1 día á semana de recollida. Caso de incrementarse a frecuencia, habería que incrementar a contía proporcionalmente. Ademais, esta opción implicaría modificar os investimentos necesarios.
- c) Indícase a oferta actualizada requirida polo Concello: prezo da opción "Recollida diurna no casco urbano" ascendería a 600.827,09 € correspondente ao período de revisión de agosto de 2012-agosto de 2013 e IVE do 10 %, amortizacións de investimentos necesarios non incluídas.
Opcional de recollida 1 vez á semana de zonas estreitas mantendo os puntos de recollidas actuais en ditas zonas: 36.861,15 €, correspondente ao período de revisión de agosto de 2012-agosto de 2013 e IVE do 10 %, amortizacións de investimentos necesarios non incluídas.
- d) Expresamente se indica que na oferta económica non se inclúe a realización dos investimentos nin o financiamento das mesmas, e en consecuencia no prezo ofertado non se recollen as amortizacións e financiamento necesarios. Remítese á páxina 18 do documento "Oferta para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo".
En efecto, en dita páxina indícase que para implantar os servizos requírese dun investimento, consistente na adquisición de vehículos e contedores, que se estima ascende a 435.575,80 €.

C) Sobre o custo das restantes cotas que debería aboar o Concello de Rianxo á Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza", dou reposta directamente ésta, en data 14/05/2013 (nº R.E. 3.618), indicando o seguinte:

1ª) Que as cotas que os concellos pagan anualmente á Mancomunidade establécense no artigo 15 dos Estatutos, e serían:

- ┆┆┆ Cota obrigatoria, que atende aos gastos xerais de administración e vai en función do nº de habitantes de cada concello.
- ┆┆┆ Cota complementaria, na que se integran dous conceptos:
 - a) Cota pola xestión dos servizos obxecto de concesión que se corresponde coa chamada "oferta do concesionario".
 - b) A cota pola amortización dos investimentos realizados pola Mancomunidade no Complexo Medioambiental para o tratamento dos RSU.
- ┆┆┆ Cota extraordinaria, que a 10/05/2013 contaba cos seguintes liquidacións:
 - a) Pagamento das cotas dun préstamo solicitado para a compra dos terreos anexos ao Complexo para a súa ampliación e que se distribúe segundo nº de habitantes de cada concello. Dita cota é de aplicación a tódolos concellos de pleno dereito.
 - b) Outras cotas extraordinarias en función da demanda dos distintos concellos, a aboar polo concello interesado. Aquí encadraríase a cota que tería que aboar o Concello de Rianxo pola recollida dominical dos RSU o domingo de Guadalupe, por exemplo.

2ª) Que os prezos aplicados na data dese escrito (datado o 10/05/2013), son resultado da revisión aprobada no ano 2010 e correspóndense co período de agosto 2007 a agosto 2008, atopándose pendentes de aprobar as revisións dos períodos seguintes, cuxa aprobación, segundo o escrito "*se prevé para finais deste mes ou primeiros do mes de xuño e que, unha vez aprobada se aplicará á totalidade dos concellos (adheridos e de pleno dereito).*"

3ª) Que o Concello de Rianxo responderá, na parte que lle corresponda de acordo cos criterios de repartición das contribucións económicas dos concellos membros fixados no art. 15 dos Estatutos da Mancomunidade, das obrigas económicas xurdidas a partires da súa incorporación á mesma.

D) En data 10/01/2014 (nº R.E. 129), a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza presenta un escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Rianxo, e datado a 9 de xaneiro de 2013 (debe tratarse dun erro, sería 9 de xaneiro de 2014), no que se indica que "*a oferta económica para a integración do Concello da Mancomunidade Serra do Barbanza, como membro de pleno dereito, concretábase en 499.686,43 € (a prezos 07/08)*" e propoñendo que se adopte canto antes o acordo de adhesión á Mancomunidade.

Parece deducirse de dito escrito, que na data de 9 de xaneiro de 2014 (sempre que a data do escrito 9 de xaneiro de 2013 sexa incorrecta), aínda non estaban aprobadas as revisións de prezos dos períodos posteriores a 07/08, posto que naquel aínda se fai referencia a prezos deste período, extremo que, insisto, debería ser aclarado.

Por outra banda, xunto co escrito anterior (R.E. 129), consta un oficio dirixido dende a Mancomunidade a FCC, S.A., no que se indica que "*Na reunión mantida o día 04/12/2013 en Vigo, entre representantes da Mancomunidade e de FCC, S.A. conviñase en que a oferta económica, para a opción de recollida diurna, elaborada para a integración do Concello de Rianxo na Mancomunidade se reducía quedando definitivamente nos 499.686,63 €.*"

Xa que logo, á data actual, esa revisión da que se fala no escrito da Mancomunidade xa debería terse producido, sen que conste no expediente ningunha actualización das cifras que nel constan a prezos da última revisión, no seu caso, efectuada. Entende a funcionaria que subscribe que a información actualizada debería constar no expediente, de cara a adoptar o acordo que proceda cos datos máis actuais e fiables posibles.

E) No expediente constan uns cálculos (sen sinatura nin data) das cotas que lle correspondería aboar ao Concello de Rianxo, en caso de adhesión, tendo en conta orzamento de 2012 (a datos de 2012), que resultan as seguintes:

- Cota obrigatoria: 29.285,58 €.

- Cota complementaria:

a) (Sería a oferta económica do concesionario, que tendo en conta a última comunicación con nº R.E. 129, ascendería a 499.686,43 € (a prezos 07/08)).

b) Por amortización dos investimentos: 26.992,66 €

- Cota extraordinaria (amortización préstamo para adquisición de terreos para a ampliación do Complexo Medioambiental): 3.917,12 €.

2.4.- Comparativa de gastos anterior e posterior á adhesión á Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza" para a xestión integral dos residuos sólidos urbanos do Concello de Rianxo, tendo en conta os datos que constan no expediente

CUSTOS DA XESTIÓN INTEGRAL DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E ASIMILABLES POLA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS "SERRA DO BARBANZA"			IMPORTE
CONCEPTO	COTA OBRIGATORIA		29.285,58 €
	COTA COMPLEMENTARIA	Pola xestión dos servizos obxecto de concesión	499.686,63 €
		Pola amortización dos investimentos	26.992,66 €
	COTA EXTRAORDINARIA		3.917,12 €
TOTAL			559.881,99 €

CUSTOS PREVISTOS PARA 2014 DA XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E ASIMILABLES POLO CONCELLO DE RIANXO			IMPORTE
CONCEPTO	Recollida de residuos orgánicos		185.155,16 €
	Recollida selectiva de papel e cartón; vidro		10.128,66 €
	Recollida de voluminosos		9.210,79 €
	Tratamento dos residuos urbanos		272.372,32 €
	Recollida de animais mortos		1.379,40 €
TOTAL			478.246,33 €
DIFERENCIA			81.635,66 €

Ingresos previstos en concepto de taxa pola recollida de lixo para 2014	Xestión do servizo polo Concello	Déficit/ Superáv it	Importe	Xestión do servizo pola mancomunidade	Déficit/ superáv it	Importe
489.760,74 €	478.246,33 €	Superá vit	11.514,41 €	559.881,99 €	Déficit	-70.121,25 €

Polo que á vista do informe económico presentado pola empresa concesionaria da Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza", preséntase un desfase importante, no que o Concello de Rianxo debera aportar unha cantidade maior da que viña aportando actualmente.

2.5.- Repercusión da medida no Plan de Axuste 2012-2022 aprobado polo Pleno da Corporación municipal en sesión de 30/03/2012 ao abeiro do Real Decreto-lei , de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais

O Real Decreto-lei 4/2012 obrigou aos concellos a remitir unha relación certificada das obrigas vencidas, líquidas e exixibles pendentes de pago a 01/01/2012. Unha vez remitida a relación certificada prevista no artigo 3, o Pleno da corporación municipal debía aprobar, antes do 31 de marzo de 2012, un plan de axuste previsto no artigo 3 do devandito RDL.

O Pleno da corporación municipal de Rianxo aprobou, en data 30/03/2012 o devandito Plan de axuste 2012-2022, no que se recollen medidas tanto polo lado dos gastos como polo lado dos ingresos.

Entre as medidas de gastos que se prevén no Plan de Axuste, no apartado "Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos", figura a de "Considérase unha redución anual en gasto por transferencias correntes-subvencións de 40.000,00 €".

As achegas á Mancomunidade irían reflectidas no orzamento no Capítulo IV, de xeito que en termos relativos elo suporía un incumprimento do plan de axuste en vigor, debendo ter especial coidado no cumprimento das medidas de axustes de ingresos a aplicar no período 2012-2015 debido a que é cando se debe facer fronte ás anualidades de amortización da débeda viva de maior contía. Agora ben, en termos absolutos, tanto os capítulos II coma o IV encádranse dentro da rúbrica de gastos correntes, e o que esixe o Real Decreto-Lei 4/2012 é que durante o tempo de vixencia do plan de axuste aprobado éste debe "a) Recoger ingresos corrientes suficientes para financiar sus gastos corrientes y la amortización de las operaciones de endeudamiento, incluida la que se formalice en el marco de la presente norma".

Da comparativa entre os datos previstos no plan de axuste para a anualidade 2014, o orzamento vixente, que é o prorrogado do 2013 cos axustes á baixa nos créditos iniciais do estado de gastos efectuados de acordo coa normativa

de aplicación, e o orzamento de 2014 incrementado unicamente no importe ao que ascende o cambio de modalidade de xestión do servizo que se está a fiscalizar, resultarían os seguintes datos:

	PREVISIÓNS PLAN DE AXUSTE	ORZAMENTO 2014	ORZAMENTO 2014 tendo en conta o incremento que supón a adhesión á Mancomunidade, permanecendo o resto igual
A.1 INGRESOS	DRN previstos 2014 (en miles de €)	Previsións de ingresos (en miles de €)	Previsións de ingresos (en miles de €)
Ingresos correntes	6.061,03 €	6.498,23 €	6.498,23 €
Ingresos de capital	119,70 €	0,00 €	0,00 €
Ingresos non financeiros	6.180,73 €	6.498,23 €	6.498,23 €
Ingresos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Ingresos totais	6.180,73 €	6.498,23 €	6.498,23 €
A.2 GASTOS	ORN previstas 2014 (en miles de €)	Previsión de gastos (en miles de €)	Previsión de gastos (en miles de €)
Gastos correntes	4747,23	5.413,04 €	5.494,68 €
Gastos de capital	126	0,00 €	0,00 €
Gastos non financeiros	4873,23	5.413,04 €	5.494,68 €
Gastos operacións financeiras	1309,22	1.050,00 €	1.050,00 €
Gastos totais	6182,45	6.463,04 €	6.544,68 €
A.3 MAGNITUDES FINANCEIRAS E ORZAMENTARIAS			
Aforro bruto	1.313,80 €	1.085,19 €	1.003,55 €
Cota total de amortización de capital	1.309,22 €	1.050,00 €	1.050,00 €
Aforro neto	4,58 €	35,19 €	-46,45 €
Saldo de operacións non financeiras	1.307,50 €	1.085,19 €	1.003,55 €
Axustes SEC (en termos de Contabilidade Nacional)	-364,99 €	Non constan	Non constan
Capacidade ou necesidade de financiamento	942,51 €	1.085,19 €	1.003,55 €

Agora ben, é preciso poñer de manifesto as seguintes consideracións:

1ª) Obviamente, a maior dotación de crédito para atender as obrigas derivadas da integración de pleno dereito do Concello de Rianxo na Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza" pasa por reducir gastos no orzamento vixente por igual contía, xa que doutro xeito o orzamento estaría desequilibrado, presentaría déficit, o que está totalmente prohibido pola lexislación de facendas locais.

Xa que logo, a terceira columna da táboa anterior resultaría inviable, é dicir, o incremento de gastos pola adhesión á Mancomunidade debe compensarse con redución de outro tipo de gastos para manter o equilibrio orzamentario, tendo en conta, ademais, que a normativa vixente obriga:

- Por un lado, no caso de existiren novos ou maiores ingresos a maiores dos orzamentados, agás os que financian gastos específicos, deben ir destinados a minorar o nivel de endebedamento público.
- Por outro lado, en caso de liquidar o orzamento con remanente de tesouraría para gastos xerais positivo, o destino que debe darse é tamén a redución do endebedamento público, nos termos da normativa aplicable.

2ª) Actualmente o orzamento vixente é o prorrogado do ano 2013, unha vez feitos os axustes á baixa que sinala a normativa de facendas locais.

No informe de intervención preceptivo e previo ao acordo de prórroga non se verifica o cumprimento da regra de gasto, da estabilidade orzamentaria e do límite de débeda pública.

3ª) Ao ser un orzamento prorrogado, pode que os créditos consignados no estado de gastos non sexan suficientes para cubrir os servizos que se prestan polo Concello de Rianxo. Así, tendo en conta as previsións de gasto para o ano 2014 pola prestación de servizos obxecto deste informe, que ascenden, segundo o establecido no punto 2.2 a 478.246,33 €, e comparándoos cos créditos iniciais consignados actualmente no grupo de programa 162 "Recollida, eliminación e tratamento de residuos", que ascenden a 438.737,73 €, constátase unha deficiente presupostación en dito grupo de programa, debendo acudir ao nivel de vinculación xurídica 1.2 para compensar esa diferenza, en detrimento, no seu caso, doutros gastos a ese nivel.

Co orzamento vixente prorrogado do 2013, a adhesión á Mancomunidade para a prestación integral do servizo implicaría minorar outro gasto corrente, como mínimo, na diferenza entre os gastos estimados derivados da prestación do servizo pola Mancomunidade e os gastos estimados da prestación do servizo como se viña facendo ata o de agora.

3ª) En caso de adhesión á Mancomunidade da xestión do servizo obxecto deste informe requiriría unha modificación de crédito, na modalidade de transferencia de créditos do capítulo II ao IV do estado de gastos, sendo ámbolos dous gastos correntes.

5ª) Procedería, atándose á legislación vixente, aprobar un orzamento para o exercicio actual, que recolla as previsións de ingresos reais e as consignacións de crédito necesarias para atender á prestación dos servizos e ás obrigas e gastos exixibles. O orzamento que se aprobe debe cumprir coa regra de gasto, coa estabilidade orzamentaria, co límite de gasto non financeiro que se acorde, así como co plan de axuste 2012-2022 aprobado polo Pleno da Corporación municipal.

6ª) Visto o procedemento para a integración do Concello de Rianxo na Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza”, a aprobación da proposta de integración obxecto de fiscalización non implica compromiso de gasto, toda vez que a mesma debe ser aceptada por parte da Xunta da Mancomunidade e debe aprobarse a proposta de modificación dos Estatutos desta.

3.- Conclusións

1ª) A integración na Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza” supón que, dende un punto de vista económico, o Concello de Rianxo vería incrementados os custos anuais pola prestación do servizo de recollida de residuos con respecto á situación de facturación actual. Agora ben, a prestación integral pola Mancomunidade comprendería outros servizos que actualmente non se están a facturar, como é a recollida de pilas. Tamén dos datos que se deducen da contabilidade, alomenos nos últimos 3 anos non se contabilizou ningún gasto en concepto de reparación, mantemento e/ou reposición de contadores, gasto que si estaría comprendido no concepto de xestión integral de residuos ofertada pola Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza”.

En definitiva, a comparación de custos faise tendo en conta as prestacións e nas condicións actuais que se están a realizar polas empresas contratadas polo Concello, de tal xeito que esa comparativa coa oferta da empresa concesionaria do servizo na Mancomunidade pode que non sexa efectuada en termos homoxéneos. Así mesmo, as empresas que están a prestar o servizo de recollida de residuos non ten neste intre amparo contractual, por ter transcorrido o período de prórroga ou simplemente porque non hai contrato vixente formalizado. A licitación do servizo por parte do Concello implicaría iniciar o expediente cun estudio de custos a prezos de mercado, que poda que non coincidan cos prezos que actualmente se están a facturar.

2ª) As achegas á Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza” deben reflectirse no capítulo IV do estado de gastos do Orzamento. A prestación do servizo directamente polo Concello reflectese actualmente no capítulo II. Elo suporía minorar o capítulo II e incrementar o capítulo IV. Enténdese que se ben unha das medidas a adoptar no Plan de axuste é *unha redución anual en gasto por transferencias correntes-subvencións de 40.000,00 €*, non necesariamente supón un incumprimento do plan de axuste vixente, polos seguintes motivos:

- a) O plan de axuste debe recoller ingresos correntes suficientes para financiar os gastos correntes e maila amortización de capital da débeda pública. O gasto en concepto de recollida integral de residuos, tanto sexa prestado o servizo directamente polo Concello como pola Mancomunidade, se ben economicamente se imputa a capítulos de gasto distintos, é gasto corrente, non véndose afectado o aforro, tanto bruto coma neto, nin a estabilidade orzamentaria polo cambio na imputación do gasto, debendo en todo caso cumprirse a exixencia recollida na primeira liña deste parágrafo.
- b) Os efectos das medidas contempladas no plan de axuste valorábanse respecto da liquidación do exercicio 2011, é dicir, debían computarse os efectos económicos positivos derivados da adopción das medidas polo lado dos ingresos respecto dos ingresos liquidados no exercicio 2011, e polo lado dos gastos respecto dos gastos liquidados no exercicio 2011. No exercicio 2011 non se liquidaron gastos en concepto de achegas a entidades supramunicipais pola prestación de servizos. A xuízo da funcionaria que subscribe, a minoración de transferencias correntes/subvencións vai máis encamiñada á minoración de subvencións que se rexen pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

3ª) Deberíase aprobar un orzamento para o exercicio en curso, no que se consignen os créditos necesarios para facer fronte aos servizos prestados, tanto sexa directamente polo propio Concello, como mediante fórmulas de asociación en mancomunidade. Cómpre dicir que o incremento do canon de tratamento de residuos que aplica SOGAMA por cada tonelada verase incrementado considerablemente a partires do mes de marzo deste ano, e con elo as necesidades de crédito orzamentario.

O orzamento, en todo caso, deberá cumprir coa regra de gasto, co límite de gasto non financeiro que se acorde, co límite de endebedamento público, coa estabilidade orzamentaria e co Plan de Axuste 2012-2022 aprobado.

4ª) Unha vez cumprido o procedemento que marca a legislación vixente e os Estatutos da Mancomunidade para a adhesión do Concello de Rianxo, no seu caso, a Mancomunidade deberá remitirle a este, con anterioridade á sinatura da Addenda ao contrato coa concesionaria do servizo, a distribución das cotas e o importe definitivo de cada unha delas, co obxecto de autorizar e comprometer o gasto.

4º.- Acontecementos posteriores ao peche do informe

A piques de rematar o presente informe, tívose coñecemento de que a Xunta da Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza” aprobou provisionalmente o 31/01/2014 as revisións de prezos correspondentes aos

períodos 2008-2009, 2009-2010 e 2010-2011, que darían como resultado as seguintes porcentaxes de incremento do canon de explotación respecto do correspondente ao ano anterior:

PERÍODO	% INCREMENTO RESPECTO DO CORRESPONDENTE AO ANO ANTERIOR	IMPORTE ACTUALIZADO
2007-2008	-	499.686,63 €
2008-2009	-6,97%	464.858,47 €
2009-2010	1,55%	472.063,78 €
2010-2011	5,76%	499.254,65 €

O que se informa aos efectos oportunos, e se somete a calquera outro informe mellor fundado en dereito.

Rianxo, a 20 de febreiro de 2014
A interventora>>

Completado o expediente, resta someter ao Pleno corporativo de Rianxo para a súa aprobación por maioría absoluta do número legal de membros da corporación (ao abeiro das competencias atribuídas polos artigos 22.2.b e f e 47.2.g do da Lei 7/1985) a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar a proposta de Alcaldía solicitando a integración do Concello de Rianxo na Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza como membro de pleno dereito para a prestación do servizo de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e asimilables, mudándose a xestión do servizo pola prestada na devandita entidade local.

Segundo.- Dirixirse á presidencia da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza solicitando a nosa integración nas mesmas condicións que o resto dos concellos que a integran, agás no relativo ás obrigas devengadas con anterioridade á efectividade da adhesión que non estiveran relacionadas coa prestación do servizo a partires da integración efectiva.

Terceiro.- O concello manterá a titularidade da taxa reguladora do servizo de recollida de lixo.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde presidente para realizar cantas xestións e actuacións sexan precisas para a plena efectividade do presente acordo.>>

O alcalde conclúe que se trata de cambiar o modelo de xestión do lixo do noso Concello. Unha proposta que aposta por modelo descentralizado e mancomunado que xestione os refugallos con tecnoloxías sinxelas e ecolóxicas. Neste senso e avalado polo traballo desenvolvido por unha comunidade de Concellos como son os de Porto do Son, Noia, Brión, Carnota, Lousame, Rois, Muros, Ames e Pontecesures. Tráese este acordo ao pleno buscando a integración do noso concello en Serra do Barbanza como membro de pleno dereito.

O lixo iría a ser tratado Complexo Medioambiental de Servia-Lousame que xestiona a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Está inspirado na normativa ambiental vixente e foi financiado pola Unión Europea con fondos FEDER e de Cohesión. Cremos con acordo este damos cumprimento maior ao articulado na Directiva 2008/98/CE sobre Residuos (artigo 4) onde se sinala por este orde a prevención, preparación para a reutilización, reciclado, valorización enerxética e eliminación. Serra do Barbanza avanza nas tres primeiras da escala, SOGAMA, nas dúas últimas.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG [2010-2020](#)) inclúe como obxectivos xerais entre outros: potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos Municipais. Con esta proposta cumprimos estes obxectivos.

No complexo de Lousame a totalidade dos residuos que chegan son procesados, separados, clasificados e estabilizados, e só as fraccións non reciclábeis ou que non atinxen a calidade suficiente van a vertedoiro.

Das 25.000 toneladas que, aproximadamente, entran no complexo ambiental, unhas 12.000 corresponden á fracción orgánica. Hai que ter en conta que no proceso de compostaxe, que é aerobio, evapórase a auga e prodúcese CO₂, co que cada quilo de materia orgánica, dá lugar a un máximo de 0,15 kilogramos de compost. Polo tanto, da reciclaxe das 12.000 toneladas de materia orgánica, a máxima produción anual de compost é de 1.800 tm/ano. Precisamente esta circunstancia é una vantaxe máis da compostaxe. Nas restantes 13.000

tm, aproximadamente, o vidro supón 2.000 kg, o papel cartón 5.000 kg e os envases lixeiros 3.000 kg.

O nivel de clasificación para entregar a recicladores destes materiais oscila entre o 70 e o 75 por cento, sen ningunha dúbida, os máis altos de Galicia. Tamén se debe facer notar que unicamente se destinan ao vertedoiro de “pacas”, aquelas fraccións que non son susceptibles de ningún aproveitamento, despois do correspondente tratamento.

Mentres o modelo SOGAMA, amplamente subvencionado, o 48% entérrase e o 44% restante de SOGAMA queimase-incinérase. SOGAMA ao incinerar a outra metade dos residuos que lle chegan converte o lixo en residuos tóxicos e perigosos, xerando anualmente 70.000 toneladas de escouras e 35.000 toneladas de cinsas altamente tóxicas. Desta forma, SOGAMA incumpre o obxectivo ou prioridade nº 1 da lexislación: a prevención da toxicidade e perigosidade dos residuos.

Finalmente indicar que, se partimos de datos oficiais (Memoria anual de xestión do Complexo medioambiental, e memoria do PXRUG [2010-2020](#)), compróbase que a contía de residuos reciclados ou clasificados, para a súa entrega a reciclador, responden ó seguinte detalle:

–Complexo Barbanza : 102,27 kg/habitante/ano.

–Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) : 7,62 kg/habitante/ano.

Estamos por tanto diante dunha estratexia de cambio radical da xestión do lixo de Rianxo e a consciencia de estar a contribuír a un mellor medio ambiente e destapando o fraude que supón unha empresa que queima a metade do lixo e enterra a outra metade, cando cobra realmente por realizar outro tipo de tratamento.

Entre as moitas outras vantaxes desta mudanza non é menor a necesidade de man de obra que esixe o modelo Serra do Barbanza, que nestes momentos que corren ampliaría a plantilla para tratar os refugallos rianxeiros, alén de incluír a toda a xente que neste momento empresta o servizo de recollida en Rianxo.

Asemade habería que facer unha renovación dos contadores por valor de **145.174** euros con reparto de 2000 caldeiros individuais. Incluído nas diferentes achegas.

O mantemento e a limpeza regulada de cada un dos contedores, agora realizado por medios e custes propios. Trimestral e mensual no verán. Isto estímase nun custe de 7 euros por contedor o que 550 falaríamos de 3850 limpeza. Ao cabo do ano serían limpeza por valor de **23.050 euros** aproximadamente incluídas só de limpeza.

Unha redución de 80.000 euros da factura anual que se está negociando por mor do chamado *film*, por recuperacións do contedor amarelo e que se está negociando e equilibraría substancialmente a diferenza económica tal e como figura na proposta realizada por FCC na páxina 19 do seu informe do 7 de novembro de 2012 sendo presidente o Alcalde de Porto do Son.

Estase a negociar tamén outra redución do prezo pola non necesidade de aumentar turnos de noite ou de dividila entre os concellos para tratar en planta os residuos de Rianxo.

Tamén como apunta no informe a interventora a nova concesión de lixo conlevaría un importe maior ao actualizarse os custes ao ano 2014. A actual concesionaria prorrogada para seguir dando servizo implicaría tamén a compra dun camión novo cun importe que podería roldar os 250.000 euros a amortizar durante os anos de vixencia da contrata.

Con estas dúas reducións que se coñecerán antes de negociar o contrato definitivo con FCC e os custes que non abordaremos do novo vehículo quedan suficientemente equilibradas

cando menos as propostas no económico pese a que, insistimos non é o único criterio que debe prevalecer, xunto a moitos servizos de calidade para a veciñanza que se incorporan e non se daban.

Xunto a iso a consciencia de estar a contribuír a un mellor medio ambiente e destapar o fraude que supón unha empresa que queima a metade e enterra a outra metade, cando cobra realmente por realizar outro tipo de tratamento.

Por último, quere dicir que manterase o actual nivel de recollida diario e alterno segundo as zonas.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 24/01/2014, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que non vai falar do que poden ou non facer outros concellos ou de cuestións xerais relativas á xestión de residuos en xeral, vai concretar o referente a Rianxo que é o que debe atender o concello e o que interesa aos veciños.

En primeiro lugar di que aos rianxeiros vailles saír por máis de 70.000 euros ao ano o pase á xestión de residuos pola MSB sobre o custe actual directamente prestado polo concello a través dun concesionario. Ademais farase cunha frecuencia menor.

En segundo lugar, a proposta que se trae ao pleno pola Alcaldía é para facer dela un trampolín político, posto que, se fora verdade que non vai incrementar o recibo dos veciños de Rianxo, entón pregunta como o van a pagar.

O Alcalde pasa a palabra ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que tratase dun proxecto mal iniciado e mal xestionado; dun fracaso irreversible. Creado en 1997 polo Partido Popular, cunha participación do 51%, e do 49% restante de Unión Fenosa. Dato a ter conta pois é de entender que a participación da empresa privada incide no incremento do case 34% anunciado. Nos obxectivos de Sogama están a incineración e valorización da totalidade dos residuos domésticos incluíndo máis tarde algúns produtos industriais. Debemos lembrar que durante o goberno de Emilio Pérez Touriño se deseña un novo plan de tratamento de residuos adaptado ás directrices da UE pero de novo, o goberno do PP presidido por Núñez Feijoo aposta polo actual intentando crear unha segunda planta en Irixo, que resultou ser un fracaso de proxecto o que fai que a planta de Cerceda non teña capacidade para tratar as 800.000 Tms anuais. Así, na actualidade, Sogama incinera o 60% é incinerado, enterra en vertedoiro arredor dun 35% e só recicla un 5%. A cuestión é que os concellos pagan a Sogama por incinerar e reciclar, sen embargo, o que se fai, ademais de incinerar, é enterrar unha parte importante, o que da como resultado un custe medioambiental moi elevado. Si a isto se lle suma a suba de impostos que no próximo 1 de marzo vai a aplicar Sogama os custes son inasumibles.

O concelleiro vai desagregando os diferentes servizos que se veñen prestando actualmente polo Concello de Rianxo na xestión de residuos, incluíndo ás empresas de recollida de residuos orgánicos e de papel, cartón e vidro, de voluminosos e de animais mortos e fai

saber que a ese importe actual habería que engadirlle nun futuro inmediato – de seguir a prestalo directamente o concello – a necesaria renovación de contedores así como a limpeza, e a merca ou renovación dos vehículos de recollida – o que repercutiría no canon a abonar polo Concello. E por enriba, o incremento do canon de Sogama. Así calcula que as previsións para a prestación total do servizo de seguir con Sogama ascendería a un custe total de 587.535€.

No desglose presenta, entre outros os seguintes datos:

- Xestión total de residuos.....	418.000,00€
- Incremento do canon Sogama: 20,62€/TM sobre 3.462Tm:	71.386,00€
- Mantemento e limpeza de 550 contedores: 7,00€/ud.....	23.050,00€
- Substitución de contedores e outros.....	75.099,00€

É este un custe máis elevado que o presentado pola Mancomunidade Serra de Barbanza cifrado en 499.000€, ós que se deben sumar preto de 35.000€ anuais correspondentes as cotas obigatoria e extraordinaria, facendo un total de 534.000€ pola xestión total, significando un previsible aforro de máis de 50.00€ ano. En todo caso, a Mancomunidade deberá remitir ó concello a distribución das cotas e o importe definitivo para autorizar o compromiso de adhesión.

Por último o voceiro subliña o custe medioambiental que supón o sistema de Sogama afirmando que en Europa recíclase 7 veces máis, en España 5 veces máis, namentres que en Galicia incinerase, alonxándose das directrices europeas baseadas nas 3 erres: Redución do volume de residuos – Reciclado e Reutilización.

Conclúe que a situación é irrisoria – por non dicir de mágoa – xa que a preocupación da Consellería de Medio Ambiente, organismo público responsable, tenta agora corrixir a situación promovendo un curso de formación on line dirixido a alcaldes, concelleiros e técnicos, para axudar ós concellos na xestión dos residuos urbanos e para levar á practica o principio europeo das tres erres, como si a culpa fora dos concellos que xestionan mal os residuos.

Concluindo, e esta unha proposta do goberno municipal que desde fai meses ven estudando esta alternativa e que a piques de resolverse xuntouse coa suba do custe municipal por Sogama. O que se propón é un cambio de sistema, un novo modelo de xestión de residuos que, polo exposto, entendemos favorable en tódolos aspectos. Sería bo que, polo menos neste punto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Rianxo se esquecera de siglas e en defensa dos intereses veciñais se sume a esta proposta ó tempo de instar ó goberno do sr. Feijoo a non executar o incremento abusivo do 34%.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que o BNG aposta pola adhesión á Mancomunidade Serra do Barbanza, que xa se formulara doutra veces e que agora se consegue grazas aos votos dos rianxeiros que están polo reciclaxe e sustentabilidade ambiental, e van ver que é sen incrementos de impostos para eles.

Sogama non cumpría as súas obrigas de reciclaxe, por outra banda o concello tiña que cumprir con obrigas de recollida e limpeza. Sogama a pesar de estar subvencionada nun 40% non recicla senón que incinera. O Concello de Rianxo pode contribuír á mellorara en termos medioambientais e económicos, e xestión en xeral; hai outros concellos que non poderán.

Sogama levou a cabo programas formativos cara a efectuar os composts que contribúen a que sexa máis fértil a materia orgánica. Non vai repetir os números e cuantías xa comentados nesta sesión. Os rianxeiros estarán contentos, verase se esta opción é a mellor

para este concello, moito mais que a facilitada por Sogama, sustentable mediambientalmente para o concello.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, pide intervir, e empeza dicindo que non vai entrar nos números facilitados polo primeiro tenente de alcalde. Vai a atender aos números e informes de secretaria e intervención sendo este último claro en canto ao desequilibrio entre ingresos e gastos.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, resposta en alusións da voceira do grupo municipal Partido Popular, dicindo que os números son claros, que a xestión de Sogama é nefasta e aparte do informe de intervención existen cuestións que hai que sumar: substitución de contedores, lavado destes, amortización de vehículos e a definitiva que é a medioambiental, onde Sogama non recicla “incinera”, a isto sumar o transporte que se fai coa contaminación que implica.

O alcalde remata o debate engadindo que o servizo non pasa a ser unha recollida semanal, lee a frecuencia que figura na oferta de FCC, unicamente afecta a 16 de 550 puntos de recollida onde se dará unha frecuencia menor, o cal débese tamén aos vehículos con dous depósitos.

Por outra banda os servizos de secretaria e intervención din que xa se está prestando irregularmente o servizo de residuos orgánicos e habería que xestionalo, no que se contaría un vehículo cuxo custe ascende a uns 300.000 euros e que inevitablemente subiría o canón de concesión do servizo; no informe de intervención tamén se deixa indicación da actualización de prezos, ademais hai que engadir que se vai acadar máis axuste económico favorable para o concello, aparte da mellora ambiental; isto o ven incluso alcaldes de concellos gobernados actualmente polo Partido Popular, que están contentos na Mancomunidade Serra do Barbanza.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 5 votos en contra (dos 5 membros do PP), con cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocions de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocions dos grupos, se ben vai presentar dúas en primeiro lugar, unha relativa a un asunto que xa se falou en pleno anterior, e outra precisa para a posta en marcha do servizo da piscina no tocante á protección de datos.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

5.1. DEMANDAS RELATIVAS AO VIAL DE ACCESO Á PONTE DE CATOIRA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente xustifica a urxencia na actual situación con varias administracións implicadas polo servizo que esta ponte presta e a limitación competencial da Lei 27/2013.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< Asociacións de Empresarios, Cámara de Comercio de Santiago, Concellos da bisbarra téñense unido para expresar en reiteradas ocasións a necesidade de contar cun vial en condicións que una as provincias da Coruña e Pontevedra e concretamente entre a autovía do Barbanza e a súa conexión coa autoestrada AP-9 en Carracedo a través da Ponte de Catoira sobre o río Ulla. Estamos a falar dun tramo con tráfico intenso de vehículos de particulares, pasaxeiros e transportes que roldan os 16.000 diarios e aumenta considerabelmente en épocas vacacionais.

Esta vía estaría incluída no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica de Galicia (Plan Move), que pretende axilizar os tempos de desprazamento e mellorar a seguridade dos usuarios da rede de estradas galegas. Ao abeiro deste plan teríase creado unha mesa de traballo integrada por membros da Administración galega e das entidades provinciais da Coruña e Pontevedra, titulares da estrada e viaduto, para xestionar o cambio de titularidade da vía. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ás Deputacións Provinciais, os Concellos, teñen realizado declaracións abondo en prensa neste senso, sen que a día de hoxe, que coñeza, se produciran avances.

O Concello de Rianxo leva facéndose cargo dos custes de mantemento na Ponte de Catoira na medida das súas posibilidades. Agora coa nova Lei 27/2013, de racionalización da Administración Local xa debería ser a Deputación Provincial a que se preocupara cada vez que houbera un estrago nel, se ben o propio sería que fora asumida a titularidade pola Xunta de Galicia pois comunica dúas provincias e non ten a atención que debe recibir, facéndolle o concello fronte aos custes de reparación que puido ata o 30/12/2013, pois ao día seguinte entrou en vigor a lei mencionada.

Polo exposto, sométese ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguintes ACORDOS:

Instar á Xunta de Galiza e a Deputación provincial de Coruña e de Pontevedra para que adopten as medidas e acordos necesarios para:

(**único**) Proceder ao traspaso á titularidade autonómica destes tramos completos, incluída a Ponte de Catoira, desde as deputacións, como o Plan Move previa.

Neste senso, comunícase que non se asumiran custe ningún de mantemento, electricidade ou calquera outro producidos dende o 31/12/2013.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que apoia a moción pero tamén quere preguntarlle se aínda así non tería que asumirse os gastos de alumeados e semellantes.

O alcalde di que non se vai deixar de afrontar custos de tramos urbanos se á vista da nova Lei aínda lle correspondera ao concello.

Incluso no texto asinado polo anterior alcalde asumía os custes de mantemento e luz ata a Ponte, o cal o concello ten afrontado en exceso. O importante sería que deixe de haber catro Administracións Públicas sobre a mesma ponte.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, apunta que en relación á nova Lei 27/2013, o alumeados o coordinará a Deputación Provincial.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta e que a política do Partido Popular é eso, quitar as competencias aos concellos reducindo financiamento máis sen continuar a prestar os servizos que quedan desasistidos.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que xa se ve por que non se chega a mais acordos xa que, nesta moción onde o PP amosou o seu apoio para traela ao pleno, ata se sacan temas diferentes ao asunto a tratar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.2. FICHEIRO DE PROTECCION DE DATOS DE CARACTER PERSOAL: rectificación.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente xustifica a urxencia polo nova contratación da piscina municipal cuxo concesionario comezará en dous días a prestalo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<Unha vez aprobado o Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal (BOP N^o 16, do 25/01/2011) en cumprimento do artigo 20 da lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e dado que este concello dispón de varios programas informáticos e bases de datos nos que se manexan datos de carácter persoal, ten a obriga, en cumprimento da lexislación citada, de aprobar a creación dos correspondentes ficheiros.

Este proceso vense desenvolvendo neste concello dende o ano 2011, estando aprobados, publicados no BOP e inscritos na Axencia Estatal de protección de datos varios ficheiros.

Concretamente, na sesión plenaria do 28/02/2014 aprobouse o ficheiro relativo á “ Inscripción en actividades deportivas” xa publicado no BOP e inscrito na AEPD.

Advertido que omitiuse a referencia no apartado d) aos datos bancarios precisos cando se trata de actividades non de balde, propónse ao pleno corporativo a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Rectificar o seguinte ficheiro:

FICHEIRO: INSCRIPCIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS
--

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Inscripcións de actividades deportivas (campamentos de verán, actividades deportivas en xeral,...)

Usos: Deportes

b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Solicitantes e beneficiarios. Representantes legais, pais e titores.

c) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...

d) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías. Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados con consentimento expreso do afectado) e datos bancarios. Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade.

e) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Organizacións relacionadas directamente co responsable, asociacións, etc (existe consentimento dos afectados). Organismos da Seguridade Social, outros órganos da Administración do Estado, Asociacións e Organizacións sen ánimo de lucro, bancos, caixas de aforro e caixas rurais.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo persoal da área de deportes.

g) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da área de deportes será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

Segundo: Publíquese no BOP en cumprimento do estipulado no artigo 53.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e posteriormente modifíquese no Rexistro Xeral de Protección de datos segundo o estipulado no artigo 130 e seguintes do Rd. 1720/2007.-

Terceiro: Comunicar ao departamento afectados para a súa aplicación de conformidade coa Lei 15/99 lembrándolles que as persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación e explica que é un pequeno engadido unicamente dos “ datos bancarios” porque como saben os cobros os fai o concesionario, e así o que comeza estaría perfectamente cuberto e o concello feitos os deberes en protección de datos.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que apoiarán a proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.3. MEMORIA XUSTIFICATIVA ACERCA DA NECESIDADE DE MELLORA DO PEIRAO DE PADRÓN NO RÍO ULLA PARA A PROMOCIÓN DO XACOBEO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente xustifica a urxencia pola petición remitida polo Concello de Padrón.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<A necesidade de que a vila de Padrón conte cun peirao ou pantalán xustificase desde un punto de vista histórico, cultural e turístico. Por iso resulta necesario que o actual pantalán existente na marxe dereita do río Ulla á entrada da ponte que enlaza con Pontecesures, reciba as oportunas atencións que permitan un uso continuado durante toda a tempada para as embarcacións que arriben a Padrón.

Historicamente Padrón foi peza clave no tráfico marítimo do río Ulla, como destino dun importante tráfico marítimo con Oriente chegando a posuír un relevante porto romano.

Na actualidade a vixencia da importancia de Padrón como destino marítimo mantense por ser punto de destino tamén da denominada Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla recoñecida como Camiño de Santiago na Lei 3/1996 do 10 de maio, de Protección dos camiños de Santiago da Xunta de Galicia. Trátase dunha ruta marítima de peregrinación que conmemora a arribada dos restos do apóstolo Santiago desde Jaffa, actual Tel Aviv (Israel), á antiga vila de Iria Flavia. Este feito que deu lugar ao fenómeno Xacobeo, fai de Padrón berce das peregrinacións que naceron despois e que manteñen a súa vixencia no século actual.

O pantalán de Padrón por tanto, ten hoxe un uso para servizo dos peregrinos náuticos que percorren a Ruta do Apóstolo denominada Traslato Xacobeá. A Fundación ruta Xacobeá mar de Arousa e Ulla realiza anualmente este percorrido conmemorativo con diversas embarcacións, partindo dalgún dos portos da ría de Arousa e culminando a súa navegación no pantalán de Padrón. No ano 2013 celebrouse a XXIX edición con saída desde o porto de O Grove e chegada a Padrón. A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro e declarada de interese cultural e galego por sendas ordes de 24 de marzo de 1999 da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, de 14 de abril de 1999, e atópase inscrita no rexistro de entidades de promoción do Camiño de Santiago co número 62 e no de asociacións co número 101, tendo como obxectivo segundo o artigo 6 dos seus estatutos fundacionais "*o desenvolvemento cultural, turístico e económico de tódolos concellos que integran a senda apostólica de translación do señor Santiago desde Jaffa a Iria*".

De igual xeito, froito da colaboración do Concello de Padrón, os 22 concellos membros do padroado da Fundación, o cabido compostelán e o Club náutico de San Vicente do mar, na actualidade os peregrinos marítimos que conclúan o seu percorrido polas augas da ría de Arousa arribando a Padrón poden obter o diploma Traslato Xacobeá despois de selar as súas cartillas náuticas nalgún dos portos da ría de Arousa. Este documento recoñece a efectiva realización do percorrido e resulta de extraordinaria importancia como atractivo cultural, relixioso e turístico.

O aumento do interese por Padrón pola ruta xacobeá da Traslato, leva a que esta vila necesariamente conte cun pantalán en boas condicións de uso, seguridade e comodidade para os viaxeiros, o que redundaría en claros beneficios para a cidade de Padrón e o seu tecido comercial, permitindo a arribada de visitantes todo o ano.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, di que apoia a proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que a pesar de non ter o proxecto van apoiar a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.4. MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG-PSOE SOBRE A RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.-

Auséntase da sesión do pleno Hadriana Ordoñez Otero ás 21:50 minutos.

O alcalde comenta que hai unha moción do BNG tamén presentada no mesmo día 24/02/2014 en relación á Lei 27/2013 cara a formular o conflito en defensa da autonomía local, mais como inclúe dous apartados a maiores, o BNG vaise sumar á do PSOE e logo presentara a súa relacionado con outras demandas fronte á Lei 27/2013. Ambas remitíronse a todos os concelleiros.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente xustifica a urxencia porque o prazo para empregar esta vía remata o 30/03/2014.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O texto da moción sería:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os artigos 140 e 141 da CE non só garanten e protexen a existencia de municipios e provincias, senón que configuran ambas as entidades integrando un nivel na articulación territorial do Estado, atribuíndo aos seus órganos, concellos e deputacións, as funcións de goberno e administración de municipios e provincias, á vez que lexitiman as súas políticas como expresión do pluralismo político e manifestación do principio democrático.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local inviste radicalmente esta interpretación. O Estado deixa de ser garante da autonomía para municipios e provincias e pretende pasar a impedir ou dificultar a mellora e ampliación da autonomía local polas Comunidades Autónomas.

Son tres grandes bloques de contidos da Lei 27/2013 os que lesionan a garantía constitucional da autonomía local:

- o desapoderamento competencial dos municipios con vulneración da garantía constitucional da autonomía local recoñecida nos artigos 137 e 140 da Constitución.
- a inclusión de mecanismos de tutela, condicionantes e controis de oportunidades con vulneración da garantía constitucional da autonomía local.
- vulneración do principio democrático no ámbito local.

Por todo iso PROPONSE Ó PLENO:

PRIMEIRO.- Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013) de acordo ao texto que se adxunta, segundo o sinalado nos arts. 75 bis e seguintes da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

SEGUNDO.- Para ese efecto, solicitar Ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no art. 75 ter 3 da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a petición da entidade local de maior poboación (art.48 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), así como outorgar á devandita entidade a delegación necesaria.

TERCEIRO.- Facultar e encomendar ao Alcalde/Alcaldesa para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o otorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito requírase a favor da Procuradora Dna. Virginia Aragón Segura, col. Nº 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Rianxo de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013 (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013), de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local seguíndoo por todos os seus trámites e instancias até obter sentenza firme e a súa execución.>>

O alcalde resalta que a secretaria informou á alcaldía que este asunto require maioría absoluta e, por ende, o preceptivo informe de secretaria e intervención. Solicitáronse o luns cando se presentaron as mocións e se acaba de emitir as 19:45 horas de hoxe.

O alcalde di que como non se coñece o contido do informe pódese facer un receso para estudalo.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular di que da igual.

O alcalde solicita entón a secretaria que, someramente, explique o informe.

Incorpórase a sesión do pleno Hadriana Ordoñez Otero ás 21:01 minutos

Por parte da secretaria comentase cal é o procedemento, o medio empregado, o prazo, a motivación e actuacións posteriores, concluíndo que o concello está lexitimado e a moción cumpre cos requisitos. Literalmente o informe di:

<<INFORME DE SECRETARIA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: CONFLICTO EN DEFENSA DA AUTONOMIA LOCAL CONTRA OS ARTICOS 1º, 2º E DEMAIS DISPOSICIÓNS AFECTADAS POLA LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO DE 2013, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CAROLINA COSTOYA PARDO, en condición de Secretaria e MANUELA BARCIA VAZQUEZ, en condición de Interventora municipal, a petición da Alcaldía e en cumprimento do estipulado no artigo 54 do RD.Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, TRRL, emiten este informe en base aos seguintes

I. ANTECEDENTES

- Moción presentada polo Grupo municipal socialista do Concello de Rianxo sobre a racionalización e sostibilidade da administración local (RXE nº 1012, do 24 de febreiro de 2014)
- Moción presentada polo Grupo municipal do BNG do Concello de Rianxo sobre a Reforma Local e Provincial (RXE nº 1032, do 24 de febreiro de 2014)
- Providencia da Alcaldía solicitando o informe de Secretaria ao respecto por tratarse dun tema que require maioría absoluta para a súa aprobación.

II. NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei orgánica do Tribunal Constitucional 2/1979 (en diante LOTC)
 - o capitulo IV do Título IV: Conflictos en defensa da autonomía local por aprobación dunha lei (artigos 75 bis, ter, cuater, quince)
- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Lei de Administración Local de Galicia 5/97.
- RDLeg. 781/1986, de 18 de abril, de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

III. FUNDAMENTOS XURIDICOS

III.1. INTRODUCCIÓN

A alcaldía solicita informe sobre as mocións presentadas por dous grupos municipais co fin de promover ante o Tribunal Constitucional un conflito en defensa da autonomía local por considerar que esta atenta contra a autonomía municipal constitucionalmente considerada.

Na motivación que se acompaña denominada: Planteamento ante o Tribunal Constitucional de conflito en defensa da autonomía local explicase razoadamente os motivos e artigos que a nova redacción outorgada á Lei 7/85, de bases de réxime local por parte da Lei 27/2013 levan a considerar que lesionan a autonomía local.

O artigo 75 bis da Lei orgánica do Tribunal Constitucional establece que poderán dar lugar ao plantemiento destes conflitos as normas do Estado con rango de ley e disposicións con rango de lei das Comunidades Autónomas que lesionen a devandita

autonomía constitucionalmente garantida; a decisión do Tribunal Constitucional vinculará a todos os poderes públicos e terá plenos efectos fronte a todos.

A Constitución Española recoñece e garante a autonomía municipal nos artigos 137 e 140 afirmando que os concellos gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses.

A Sentenza do Tribunal Constitucional de 11/10/1985 afirma que é reiterada a doutrina segundo a que a autonomía local recoñecida nos artigos 137 e 140 CE configúrase como unha garantía institucional cun contido mínimo que o lexislador debe respectar e que se concreta no << dereito da comunidade local a participar a través dos seus órganos propios de goberno e administración en cantos asuntos lle atañen, graduándose a intensidade desta participación en función da relación existente entre os intereses locais e os supralocais. Para o exercizo desa participación os órganos representativos da comunidade local estarán dotados das potestades sen que as que ningunha actuación autonómica é posible. Forma parte dese corpo legal e doutrinal a Sentenza do Tribunal Constitucional do 28/07/1981 a cuxo texto me remito. De todo el, resalto que as EELL a diferenza do Estado e as CCAA non dispoñen dun haz constitucionalmente determinado de competencias, mais trátase dun réxime bifronte onde o Estado establece un marco competencial que han de respectar as CCAA para non vaciar ás EELL de contido.

As mocións presentadas insisten en que da nova redacción da Lei 7/85 pola Lei 27/2013, resulta – dito sucintamente:

- redución do marco competencial en que regular as CCAA para dotar de competencias ás EELL
- recorte dos servizos e competencias municipais que ata agora permitía recoñecer unha EL
- habilitación de maiores medios de tutela sobre o exercizo de competencias municipais, ben pola Deputación Provincial ben polo Ministerio de Facenda ou pola Comunidade Autónoma.
- Privación da facultade de decisión nos concellos de menos de 20.000 habitantes ao outorgar a coordinación á Deputación Provincial en servizos considerados básicos de xeito que esta decidirá como xestionalos ou si estima suficiente a xustificación municipal para prestalos.
- Etc.

III.2. LEXITIMACIÓN PARA INTERPOSICIÓN

O Concello de Rianxo como concello está lexitimado para interpoñer o recurso de inconstitucionalidade previsto no capítulo IV do Título IV da LOTC en defensa da autonomía local ao verse afectado pola lei estatal (art. 75 ter 1 b), se ben, non sendo destinatario único requírese que planten o conflito un número de municipios que supoñan cando menos un sétimo dos existentes no ámbito territorial de aplicación da disposición con rango de lei (todos os concellos de España) e representen como mínimo un sexto da poboación oficial do ámbito territorial (poboación total española).

No caso do conflito en defensa da autonomía local as asociacións das entidades locais poderán asistir ás aos entes locais lexitimados a fin de facilitarlle o cumprimento dos requisitos establecidos no procedemento de tramitación do presente conflito. Este sería o caso da Femp ou Fegamp, mais non se recibe por esta vía.

Asemade lémbrese que, segundo o artigo 63.3 LBRL, as entidades locais territoriais están lexitimadas para promover nos termos do artigo 119 dese texto legal (é dicir, mediante a Comisión Nacional de Administración Local), a impugnación ante o Tribunal Constitucional das leis do Estado ou das Comunidades Autónomas cando se estime que son estas as que lesionan a autonomía constitucionalmente garantida.

III.3. PRAZO PARA INTERPOSICIÓN.

O prazo para interpoñer o conflito en defensa da autonomía local parte do prazo de tres meses dende a publicación da lei en cuestión para solicitar o ditame ao Consello de Estado, que é previo á formalización do conflito en defensa da autonomía local por afectar a corporacións locais de varias comunidades autónomas (artigo 75 quater.1) artigo 33.1 LOTC.

Ao ser publicada a mencionada lei o 30/12/2013, o prazo indicado **remataría o 30/03/2014**, e posteriormente outro mes para formalizalo ante o Tribunal Constitucional.

III.4. PROCEDEMENTO PARA FORMULALO

Conflicto en defensa de la autonomía local

Artículo 75 ter

2. Para iniciar la tramitación de los conflictos en defensa de la autonomía local será necesario el acuerdo del órgano plenario de las Corporaciones locales con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de las mismas.

3. Una vez cumplido el requisito establecido en el apartado anterior, y de manera previa a la formalización del conflicto, deberá solicitarse dictamen, con carácter preceptivo pero no vinculante, del Consejo de Estado u órgano consultivo de la correspondiente Comunidad Autónoma, según que el ámbito terri-

torial al que pertenezcan las Corporaciones locales corresponda a varias o a una Comunidad Autónoma. En las Comunidades Autónomas que no dispongan de órgano consultivo, el dictamen corresponderá al Consejo de Estado.

Artículo 75 quater

1. La solicitud de los dictámenes a que se refiere el artículo anterior deberá formalizarse dentro de los tres meses siguientes al día de la publicación de la ley que se entienda lesiona la autonomía local.
2. Dentro del mes siguiente a la recepción del dictamen del Consejo de Estado o del órgano consultivo de la correspondiente Comunidad Autónoma, los municipios o provincias legitimados podrán plantear el conflicto ante el Tribunal Constitucional, acreditando el cumplimiento de los requisitos exigidos en el artículo anterior y alegándose los fundamentos jurídicos en que se apoya.

Artículo 75 quinque

1. Planteado el conflicto, el Tribunal podrá acordar, mediante auto motivado, la inadmisión del mismo por falta de legitimación u otros requisitos exigibles y no subsanables o cuando estuviere notoriamente infundada la controversia suscitada.
2. Admitido a trámite el conflicto, en el término de diez días, el Tribunal dará traslado del mismo a los órganos legislativo y ejecutivo de la Comunidad Autónoma de quien hubiese emanado la ley, y en todo caso a los órganos legislativo y ejecutivo del Estado. La personación y la formulación de alegaciones deberán realizarse en el plazo de veinte días.
3. El planteamiento del conflicto será notificado a los interesados y publicado en el correspondiente Diario Oficial por el propio Tribunal.
4. El Tribunal podrá solicitar de las partes cuantas informaciones, aclaraciones o precisiones juzgue necesarias para su decisión y resolverá dentro de los quince días siguientes al término del plazo de alegaciones o del que, en su caso, se fijare para las informaciones, aclaraciones o precisiones complementarias antes aludidas.
5. La sentencia declarará si existe o no vulneración de la autonomía local constitucionalmente garantizada, determinando, según proceda, la titularidad o atribución de la competencia controvertida, y resolverá, en su caso, lo que procediere sobre las situaciones de hecho o de derecho creadas en lesión de la autonomía local.
6. La declaración, en su caso, de inconstitucionalidad de la ley que haya dado lugar al conflicto requerirá nueva sentencia si el Pleno decide plantearse la cuestión tras la resolución del conflicto declarando que ha habido vulneración de la autonomía local. La cuestión se sustanciará por el procedimiento establecido en los artículos 37 y concordantes y tendrá los efectos ordinarios previstos en los artículos 38 y siguientes.

Resumiendo:

1. Acordo corporativo coa maioría requirida (previa emisión dos informes de Secretaria e Intervención ao ser maioría absoluta)
2. Solicitud de ditame preceptivo e non vinculante do Consello de Estado ata o 30/03/2014.
3. Unha vez recibido o ditame, formularíase o conflicto ante o TC no prazo de un mes.
4. O TC pode inadmitilo ou darlle trámite, e trasladalo nos 10 días seguintes ao Congreso e ao Senado. Publicación no BOE polo TC e notificación.
5. Ditase a sentencia sobre se existe ou non vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida.

III.5. ORGANISMO MUNICIPAL COMPETENTE

Ao abeiro do art.75.2 ter LOTC, a formulación do conflito en defensa de autonomía local correspóndelle ao **Pleno corporativo**.

Tal e como indica o mencionado precepto, a maioría requirida é **maioría absoluta**, motivo polo que non cabe actuar por delegación.

IV. CONCLUSIONES

Co escaso tempo de que dispuxo esta Secretaria e Intervención municipal para o estudo do asunto en cuestión, sen constar ademais dun informe técnico sobre a **incidencia do mencionado texto legal** no noso concello para informar e someter o asunto ao acordo da corporación con maior coñecemento de causa, se ben téñense emitido varias notas informativas por áreas segundo xurden actuacións afectadas.

Examinado o expediente, e en relación co mencionado apartado, estas funcionarias manifestan que coa motivación (40 follas) que constan no expediente enténdese cumpridos os requisitos legais para a presentación do conflito, estando o concello lexitimado para o efecto.

De ser adoptado o acordo plenario deberase continuar coa tramitación que se indica:

Cómpre lembrar que segundo o artigo 48 LBRL nos asuntos en que sexa preceptivo o ditame do Consello do Estado **a solicitude cursarase por conduto do Presidente da Comunidade Autónoma**. Se ben ao ser solicitado conxuntamente por entidades pertencentes ao ámbito territorial de distintas CCAA a **solicitud cursarase a través do Ministerio de Administraciones Públicas a petición da entidade de maior poboación de entre as que o formulen** (aspecto que se descoñece quen o coordina)

O que sinalo posto que no texto da moción do PSdeG-PSOE prevese o otorgamento ante notario de poder, por parte da Alcaldía, en favor dunha procuradora determinada para interpoñer o conflito ante o TC; sen embargo os acordos plenarios se pide que se remitan aos secretarios provinciais do partido político PSOE para que o remitan á Secretaría Federal de Cidades e Política municipal antes do 07/03/2014 e así coordinar o proceso.

Estimo que como entidade con personalidade xurídica propia *a petición do ditame ao Consello de Estado debe efectuarse directamente polo concello a través do MPTAP ou a través das entidades asociativas como a FEGAMP ou FEMP.>>*

O alcalde da a palabra ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo. Este comeza referíndose á aprobación da Lei 27/2013, publicada no BOE de 30 de decembro, lesionase a garantía constitucional da autonomía local, deixando o Estado de ser garante da autonomía para municipios e provincias. Con autoritarismo e soidade política, en contra ata dos propios alcaldes do PP, sen facer caso ás recomendacións do Consello de Estado, que emitiu un crítico e duro informe sobre este proxecto de Lei, o Goberno de Mariano Rajoy despacha de competencias ó 95% dos concellos – os de menos de 20.000 habitantes – para que pasen a ser a as deputacións provinciais ás que decidan e coordinen a prestación dos servizos públicos. Entre eles: o abastecemento domiciliario de auga potable; recollida de basura; limpeza viaria; acceso ós núcleos de poboación: pavimentación das vías; tratamento de residuos...Será a deputación a que decida si presta ela mesma estes servizos ou establece unha xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas, deixando así aberta a súa privatización.

Na súa exposición, o voceiro dá lectura ós artigos 137 e 140 da Constitución incidindo en que” os municipios e provincias gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses” e que “ estes gozarán de personalidade xurídica propia” . Engade que esta lei vulnera así mesmo o principio democrático no ámbito local: a lei dana a vida democrática municipal porque quita a alcaldes e concelleiros, elixidos directamente polos veciños, a capacidade de decidir sobre servizos públicos esenciais que deixa en mans das deputacións, non elixidos directamente polos cidadáns. É de vital necesidade iniciar a tramitación para formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos 1º e 2º da Lei nos que en base a “evitar duplicidades” e “racionalizar a estrutura organizativa da administración local” o goberno central do Partido Popular pretende levar a cabo o desapoderamento competencial dos municipios, incluíndo mecanismos de tutela e controis de oportunidade con vulneración da garantía constitucional e do principio democrático no ámbito local.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que se van abster.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobala porque é un ataque á autonomía local.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 5 abstencións (5 dos membros PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.5. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG SOBRE A RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia na súa entrada en vigor recentemente e o ataque que supón á autonomía local.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución de 1978 asumiu o modelo de organización territorial e institucional dos entes locais que fora deseñado desde o primeiro terzo do século XIX. Tanto nas súas orixes como na súa evolución posterior, a organización territorial local responde en gran medida a unha visión fondamente centralista do exercicio do poder, que é incompatíbel cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición competencial entre o Estado español e as comunidades autónomas, dotadas con autonomía política e administrativa.

A paulatina consolidación do novo esquema de organización territorial con base nas comunidades autónomas constituídas obviou o debate sobre a utilidade da organización provincial e da Deputación como a súa institución representativa na maior parte do territorio do Estado español, desde a perspectiva da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa, así como da súa adecuación á realidade de cada territorio.

O desenvolvemento legal do réxime xurídico local consolidou un modelo provincial practicamente uniforme, que, no caso da Galiza, dificilmente tivo e ten encaixe coas institucións galegas, e mesmo, en moitas ocasións, implicou duplicidades e ineficiencias na actuación administrativa.

A persistencia do modelo provincial, nas actuais circunstancias de restrición de recursos económicos para atender políticas sociais básicas, tamén incide negativamente nunha utilización máis racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na cidadanía, á vez que os concellos, como administracións máis próximas e responsábeis á hora de atenderen directamente os servizos básicos locais, afrontan cada vez máis dificultades económicas para sostelos.

A reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as deputacións como apéndices executores das políticas deseñadas desde o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias, para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado español. Deste xeito, vólvese a impedir definitivamente que desde Galiza se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local propio.

A reforma local tamén supón un paso máis á hora de homologar a acción política no eido local e supeditala ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirilles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das deputacións. Abocáos, en definitiva, a seren simples prolongacións executoras de políticas planificadas desde o Goberno central, no canto de seren axentes políticos con plena capacidade, e consonte a alternativa política e programática elixida pola veciñanza, nos asuntos de interese local.

Nestes momentos, cómpre oporse á reforma local, pois supón mesmo unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, pola vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.

Alén diso, é tamén necesario abordar un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos os concellos, como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.

A través da presente moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai a ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:
ACORDO

1. Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
2. Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

a) As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

b) Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que esta Lei suporía que moitos servizos van a ser privatizados posto que dificilmente as Deputacións Provinciais poderán atendelos. Lee o artigo 26 da LBRL 7/85, trala redacción outorgada pola Lei 27/2013, onde se recollen servizos básicos e no que se estipula a coordinación pola Deputación provincial, de xeito que o concello poderá levalo adiante se xustifica que pode prestalo e a Deputación Provincial da a súa conformidade. Isto é, a decisión última a vai ter a Deputación Provincial que non é un ente elixido directamente polo pobo. Varios gobernos pasaron polo Estado e todos viron prescindibles as deputacións provinciais algunhas delas de carácter clientelar como a de Ourense. Esta Lei nace con moitas reticencias e rexeitamentos xa que converte ao concello nunha administración menor, e as deputacións provinciais en vez de asumir os servizos supramunicipais e axudar aos pequenos concellos pasan a asumir competencias propios dos concellos, tendo a última palabra.

O alcalde engade que cree que nunca se produxo un ataque tal a autonomía local, labor que dignamente levaron a cabo os concellos, uns mellor e outros peor. Así as cousas a nova Lei significa o permiso doutras administracións públicas para que o concello poda exercer competencias e continuar coa vida municipal, ao que engadir o fortalecemento das deputacións provinciais que estando constituída por representantes non elixidos democraticamente, pasara a tomar as decisións de concellos de ata 20.000 habitantes. Xa advertíase a existencia dunha liña centralista absurda como nos casos de concellos con superávit que non podían contratar persoal ou acadar novos servizos, parece mentira porque foron outros partidos os que enfatizaron o municipalismo en base ao principio de proximidade e descentralización. Actualmente non se pode contratar persoal laboral temporal, nin prestar case servizos sociais, máis que ser uns meros marchantes doutras decisións políticas procedentes doutras administracións públicas.

Abandonan ás 21:35 horas a sesión do pleno os concelleiros/as do Partido Popular: M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN , ELISA BOUZAS VICENTE, JOSE RICARDO BESADA GESTO, M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.

Hoxe se alegra de que a Unión Europea diga que o céntimo sanitario que se estaba cobrando co carburante era ilegal. Non se trata dun tema de diñeiro senón de honestidade. Menciona a suprimida paga extra dos funcionarios que haberá que sacala do peto do Ministro Montoro porque agora os tribunais dan a razón ao persoal das administracións públicas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 5 abstencións (1 do concelleiro do PP presente e 4 ao abeiro do estipulado no artigo 100.1. do RD. 2568/1986, por ausencia dos demais concelleiros do grupo do PP que estiveron presentes no inicio deste punto) e cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE CORRESPONDENTE AO SEGURO POR MAL TEMPO NO SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, xustifica a urxencia polos temporais que azoutan a nosa comunidade.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO:

A 31 de decembro de 2013 estaban dadas de alta no Réxime Especial do Mar (REM) en Galicia 21.713 persoas. Todas estas persoas teñen algo en común: exercen unha profesión que non ten un salario fixo, que non ten unha data mensual para a recepción da súa nómina, que non ten horarios, que non poñen eles o prezo da súa mercadoría e que están suxeitos a circunstancias absolutamente incontrolables: a metereoloxía adversa, a Política Pesqueira Común, a heteroxénea lexislación autonómica, nacional e comunitaria, etc.

O sistema retributivo de todas estas persoas está fortemente condicionado polo nivel das capturas, o prezo acadado nas lonxas polo seu produto e polo modo de reparto previamente establecido entre o armador (no caso das embarcacións con mais dun tripulante) e o traballador. En tódolos casos hai unha constante inmutable: **se non se pesca non se cobra**.

O modelo mais común é o sistema de reparto **á parte**. Este modelo significa que, do total obtido polas capturas fanse **partes** proporcionais. A mais común establece que entre o 50-60 % corresponda á embarcación e o restante se divida entre as partes establecidas no conxunto da tripulación. Hai que ter en conta que non hai tantas partes como tripulantes si non que estas establécense en función do cargo que se desempeña, así un mariñeiro pode ter unha parte pero o patrón pode ter mais. Cando a actividade se fai de xeito individual ou sen necesidade de embarcación, cambia o modelo retributivo pero non as circunstancias en que se exerce a profesión.

Pero as xentes que exercen esta profesión teñen gastos e obrigas que, estas si, hai que abordalas con regularidade: pagos da Seguridade Social, impostos, taxas, mantemento de embarcacións, gastos correntes, etc, etc, polo que en determinadas épocas do ano a economía das familias mariñeiras vese sometida a duras probas. Para paliar estes períodos de dificultade recorríase, anos atrás, a subscrición de pólizas de crédito cos bancos. Hoxe é imposible polas circunstancias financeiras que todos coñecemos.

A INFLUENCIA DA CLIMATOLOXÍA:

Dende o 15 de decembro téñense producido en Galicia unha, cando nos dúas, cicloxéneses explosivas por semana, coas seguintes consecuencias: ventos moi por riba dos cen quilómetros por hora, ondas que chegan a acadar máis de 10 metros de altura, choivas incesantes (que implican alto índice de mortalidade de bivalvos polos aportes de auga doce da choiva e dos ríos ás rías), ruptura de amarres, períodos prolongados de vixilia para preservar as embarcacións e as artes de imprevistos, danos en instalacións portuarias e en casetas, etc.

Ate o día de hoxe téñense producidos avisos de alarma vermella no mar por cada unha das cicloxéneses producidas. Hai que engadir que despois dun fenómeno polo que se decretan alertas vermellas, ven o **Mar de Fondo**, ondas que o forte vento formou ao seu paso polo mar. Neste inverno practicamente non houbo ningún día, dende mediados de decembro, que as ondas baixasen dos cinco metros con episodios que duraron días, en que a constante foi de ondas por riba dos oito metros de altura. Nesas circunstancias solo poden saír a faenar un número moi reducido de embarcacións cando as ondas están por debaixo dos seis metros e con pouco vento: algún cerqueiro, arrastre de litoral, algún palangreiro, etc.

A maior parte da flota non pode saír a pescar polo seu reducido tamaño. Debemos ter en conta que a flota galega está composta por case 4.600 embarcacións de pesca das que 4.016 son de **artes menores**. Isto significa que son o groso da flota que sorte os nosos mercados: naseiros, trasmallos, vetas, palangre, cerqueiros pequenos, gamelas, etc., e que, na súa inmensa maioría, teñen entre un e cinco tripulantes. Nin que dicir ten que

os mariscadores a pe e a flote que se dedican ao percebe permaneceron durante dous meses sen ningunha posibilidade de exercer a súa profesión e que o marisqueo a pe veu como se gran parte dos bivalvos acababan arrastrados polas riadas ou mortos pola baixa salinidade das augas.

CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

Decembro é o verán son as épocas en que os prezos dos peixes e mariscos acadan o seu valor mais alto e moitas confrarías organízanse para preservar determinadas zonas e especies para explotalas nestas datas. Pero, cando a climatoloxía se comporta coma neste inverno, estase a producir un dano irreparable nas economías pesqueiras xa que, por riba da imposibilidade de pescar ou mariscar, en moitos casos téñense feito investimentos para abordar este período con mais garantías de éxito económico.

Na maioría das lonxas galegas teñen minguado as vendas de peixes e marisco en porcentaxes que, nalgún caso, chegan ao 50%. As razóns son a baixada de prezos que se ven producindo nos últimos tempos, e a práctica inexistencia da campaña de Nadal polos fenómenos climáticos.

UN SEGURO DE MAL TEMPO

Conscientes desta situación o Goberno de Emilio Pérez Touriño, sendo Carmen Gallego conselleira de pesca, puxo en práctica o coñecido como **SEGURO DO MAL TEMPO**. Este seguro, o primeiro que se poñía en marcha no mundo, pretendía que, baixo determinadas circunstancias climáticas, os mariñeiros puideran asegurarse uns ingresos básicos sen ter que xogarse a vida para manter á familia e a empresa familiar. Garantía uns ingresos de 125€ diarios ate un máximo de 2.500 por exercicio.

Ao ser un seguro novo e sen experiencias previas, tiña algunhas dificultades na súa aplicación e na interpretación das cláusulas aseguradas. As razóns, a parte do novedoso do seguro, é a heteroxénea composición das "familias" profesionais das xentes do mar: para un cerqueiro unha onda de catro metros é "o normal", para un percebeiro é "baga de mar campal". A pesar diso había disposición para ir mellorando o sistema e de aprender en base a experimentación, tal como se fixo no seu día cos seguros agrarios. A administración subvencionaba o seguro en preto co 78%% do custe da póliza.

Co cambio de goberno tomouse, entre outras medidas que recortaron medidas de protección para o sector pesqueiro e marisqueiro, a decisión de eliminar o Seguro de Mal Tempo sen medir as consecuencias nin tentar buscarlle solución as eivas que se tiñan detectado ate o momento, xa que, cando os períodos de mal tempo son prolongados, os traballadores e as traballadoras do mar non obteñen ningún ingreso e deben recorrer aos aforros, se teñen a sorte de dispor deles, a solidariedade familiar, ou suplicar axudas públicas para facer fronte as súas necesidades mais preteritorias: alimentación, roupa, impostos, taxas,etc.

Para que esas circunstancias non se produzan existen mecanismos de seguranza que permiten as familias, que teñen o seu campo de actividade noutros sectores primarios, asegurarse uns mínimos vitais en caso de climatoloxía adversa ou catastrófica. Dende fai mais dun século existen os seguros agrarios que dan resposta a situacións como as que aquí describimos.

O DESCANSO SEMANAL:

Outra das circunstancias que actúa contra o sector, sendo unha boa medida, é o descanso semanal de sábado e domingo establecido con carácter xeral xa que a climatoloxía non entende de días concretos da semana para "descansar". Así, pódese dar a circunstancia de que durante toda a semana sexa imposible saír a faenar e chegado o sábado e domingo se produza unha tregua nas condicións do tempo, ou coincida con mareas vivas que permitirían o marisqueo en sitios algo mais abrigados; sen embargo a lexislación impide que durante ese período se traballe no mar. Esta circunstancia é especialmente gravosa para as economías familiares cando, coma neste inverno, os períodos de inactividade son moi prolongados.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista no concello de Rianxo presenta para o seu debate e aprobación no Pleno da corporación, a seguinte

MOCIÓN:

O Concello de Rianxo insta a Xunta de Galicia a:

1.- Reintroducir o Seguro de Mal tempo como medida que garanta ,as persoas que teñen o seu traballo no mar, uns ingresos mínimos dignos durante os períodos prolongados de inactividade por climatoloxía adversa.

2.- A flexibilizar a normativa que establece o descanso semanal obrigatorio para os días sábado e domingo, cando as condicións climáticas e as mareas fagan imposible a actividade ao longo do resto da semana.

3.- A que, con carácter de urxencia e mentres non se fagan efectivas as medidas propostas nos puntos 1 e 2, se habiliten medidas, programas e recursos suficientes para facer fronte a grave situación económica que están a pasar as familias mariñeiras do noso concello, da Costa da Morte e de toda Galicia, por mor da inactividade forzosa a que se ven sometidos como consecuencia dos continuados temporais deste inverno.>>

O concelleiro do Grupo Popular D. José Luís Castiñeiras Lesende di que se vai abster, se ben non é o voceiro do grupo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 1 abstención (1 do PP) e cero votos en contra, dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG DE APOIO Á FROTA DE CERCO E ARTES MENORES.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A Voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia como consecuencia dos temporais.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez, a Unión Europea, a través do Consello de Ministros de Pesca -sempre co entusiasta voto favorábel do Goberno español e a convivencia da Xunta de Galiza- volvíu fixar uns Topes Autorizados de Captura (TAC) claramente discriminatorios para a frota pesqueira galega. Esta decisión, non fundamentada cientificamente, pretende primar os intereses económicos e comerciais doutros estados fronte ás necesidades do sector pesqueiro galego, claramente prexudicado en todo este proceso. Trátase de regras de xogo da UE incompatíbeis coa existencia e o futuro do noso país en materia pesqueira.

O problema non é que non haxa peixe no noso litoral: haino, e ben abundante. O conflito xorde cando se lles impide pescar aos galegos e si se lles permite a outras frots. É, en definitiva, un problema político, que precisa de solucións políticas.

Nese contexto, en decembro do ano 2013, os representantes da Xunta de Galiza xunto cos representantes do sector pesqueiro galego negociaban en Madrid o reparto de cotas no Cantábrico noroeste; entre elas, estaban especies estratéxicas para a frota do cerco e de artes menores como a xarda e o xurelo.

No reparto que establece a UE do TAC da xarda, correspóndenlle ao Estado español 29.019 toneladas para o 2014, das cales hai que descontarlle unhas 7.000 toneladas que é a sanción que esta lle impón a toda a frota por se exceder nas capturas asignadas nos anos 2009 e 2010.

No caso do xurelo correspondeulle ao Estado español un total de 16.592 toneladas, o que supón un 26% menos das que se recibiron o ano pasado de 22.409 toneladas ("marabillosa negociación", por certo, para o Goberno galego e o ministro Arias Cañete, pois -afirmaban- é mellor reducir un 26% que un 40%), mentres que aos vascos se lles manteñen as capturas na zona Ciem VIIIb (Golfo de Bizkaia) e son compensados coa subida do verde (estornino ou xarda veteada), un 30%, saíndo, máis unha vez, claramente beneficiados.

Na negociación do reparto por parte do Estado español xulgábase que a intención era eliminar o modelo dos últimos anos, que obrigaba a terse que desprazar a frota galega a Cantabria ou ao País Vasco se querían pescar algo, pois en poucos días, esgotábase a cota. Cómpre trocar este modelo discriminatorio por outro máis acorde coa realidade galega, que lle permita á embarcación ter dereito a un total de capturas e poder pescalo cando e onde o consideran.

Na negociación que se levou a cabo impúxose o modelo vasco, que contou coa colaboración do Goberno español e a inhibición do Goberno galego; isto é, que as capturas históricas tivesen o maior peso posíbel no reparto, comezando nun 90-10 e admitindo un preacordo onde as capturas históricas lle correspondía o 70%, e outros factores, como número de tripulantes, GT's, etc., unicamente alcanzaban o 30%.

Con este reparto a frota galega, que ten 154 barcos de cerco, correspóndelle o 24,5% das cotas de xarda, mentres que a vasca, con 53 embarcacións, consegue un 50% do total das capturas. Este criterio de reparto realizouse interesadamente a partir das capturas históricas, computándose nestas as realizadas entre os anos 2002 e o 2011. Nestes anos a pesca en Galiza estivo regulada mediante topes, non así o doutras comunidades costeiras e coincidindo ademais cos anos onde houbo un exceso de capturas (2009 e 2010), con sanción da UE. Para alén disto, o modelo destes últimos anos xa viña prexudicando gravemente a frota galega, dado que o reparto era global e cando a xarda chegaba ás nosas augas, a cota estaba esgotada impedíndosenos pescala.

A maiores temos que lembrar que historicamente a frota vasca non pescaba esta especie. Comezou a pescala a raíz de se ter esgotado a pesca do bocareu. No actual preacordo de reparto en función das últimas capturas históricas non se prima a quen tivo regulada a súa actividade, nin a quen pescou menos, nin a quen non se excede das capturas: primase a quen se incorporou tardiamente a esta pesca, a quen non a tivo regulada e, sobre todo, recoñéceselle como captura histórica a quen pescou de máis.

O Estado español é cúmplice, mentres o Goberno galego cala, admitindo uns criterios discriminatorios, ao igual que a Unión Europea, esquecéndose dos argumentos de boa xestión pesqueira, e permitindo uns criterios máis políticos que sociais, abocando a frota galega á miseria.

Unha vez que o sector foi consciente do prexuízo que se está a causar con este preacordo, decidiu amarrar a frota e tomar medidas para impedir esta negociación discriminatoria, pois entende que con este modelo o sector non ten futuro. A única saída a esta situación é que o Goberno español anule este preacordo e que se inicie unha nova negociación onde os criterios sexan obxectivos, isto é: debe existir un reparto lineal proporcional ao número de embarcacións, onde se prime o número de tripulantes e os criterios de responsabilidade.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes:
ACORDOS

1. Manifestar o apoio deste concello a frota do cerco e de artes menores que reclaman un reparto xusto das cotas da xarda e do xurelo.
2. Reclamar o cambio profundo da Política Común de Pesca da UE, e a derogación do Principio de Estabilidade Relativa, que consagra a discriminación estrutural da frota pesqueira galega.
3. Reivindicar o exercicio pleno das competencias galegas sobre as nosas augas, eliminando as cotas de pesca fixadas desde Bruxelas no noso propio litoral.
4. Manifestar o apoio de toda a Corporación as reclamacións acordadas na Asemblea do Cerco, que tivo lugar en Portosín, isto é:

- Non admitir o preacordo logrado co Goberno español.
- Pedir a dimisión do presidente da Federación de Confrarías de Galiza.
- Reprobar a actitude da conselleira de Medio Rural e do Mar por non defender os intereses do sector.
- Instar á Consellaría de Medio Rural e do Mar a adoptar unha posición comprometida de defensa dos intereses da frota galega.

Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno español, aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, e deputadas e deputados galegos no Parlamento europeo.>>

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que presentouse esta iniciativa no seo do Parlamento autonómico.

O concelleiro do grupo municipal PP D. José Luís Castiñeiras Lesende, di que votará en contra.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 1 voto en contra(1 do PP) e cero abstencións , dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.8. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE POLO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, xustifica a urxencia no ataque que este proxecto de lei supón para as mulleres e porque é preciso paralizala súa tramitación.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprívese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprívese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgúñas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por estas razóns, o Concello de Rianxo aproba o seguinte acordo:

"O Concello de Rianxo insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.>>

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, engade que lle parece fatal a ausencia dos concelleiros/as do PP sendo este un tema tan grave. Continua dicindo que pasaríamos a estar peor que países como Irlanda e Malta. As que teñan recursos poderán ir fora e o resto non poderá facelo, supón o pase das mulleres á consideración de enfermas ou diminuídas psíquicas para poder abortar.

O concelleiro do grupo municipal PP D. José Luís Castiñeiras Lesende, di que non vai intervir.

O alcalde comenta que vaise sacar un cartel en defensa dos dereitos da muller e liberdade e gratuidade do aborto e invita aos concelleiros a asistir.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 1 abstención (1 do PP) e cero votos en contra, dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.9. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA GARANTIR A ASISTENCIA SANITARIA AOS GALEGOS E GALEGAS QUE SAIAN FÓRA DO ESTADO POR MÁIS DE 90 DÍAS

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A Voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia pola situación de desemprego actual que o obriga a saír ao estranxeiro e á volta pódense atopar con este problema.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP no Estado está a acometer unha vaga de recortes en dereitos e conquistas sociais sen precedentes. Entre elas, por medio do Real Decreto-Lei 16/2012, eliminou o dereito á atención sanitaria universal, ficando reservado só para quen teña a residencia no Estado español e con iso negándollo a todas as persoas que se trasladan ao estranxeiro, que neste momento son moitas por motivos laborais debido tamén ás nefastas políticas económicas do PP que están a devastar os nosos sectores produtivos e a aniquilar a capacidade de xerar emprego en Galiza. Así, a asistencia sanitaria universal fica recoñecida só para quen resida no Estado, polo que se lle nega dito dereito a todas as persoas se permanecen fóra do Estado español máis de 90 días nun ano natural, mesmo sexan desempregos/as de longa duración, ás que teñan esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego.

A política do PP no Estado e na Xunta obriga a mozos e mozas, que padeceron xa o ano pasado máis do 50% de desemprego, a saír do Estado español para atopar traballo; e preto de 93.000 fogares ten todos os seus membros sen emprego. Agora un novo recorte de dereitos afecta especialmente a Galiza, aos miles de galegos e galegas que se ven obrigados a emigrar: ás persoas desempregadas, especialmente mozos e mozas, que se verán desposuídas do dereito a asistencia sanitaria por obra dos gobernos do PP.

Unha decisión adoptada polo goberno do PP no Estado, de xeito unilateral e sen contar co goberno da Xunta de Galiza, quen semella aceptar calquera medida imposta desde Madrid sen importarlle o carácter lesivo aos dereitos de galegos e galegas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:
ACORDO

1.- Rexeitar a exclusión da atención sanitaria pública gratuíta, pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria, das persoas que permanezan máis de 90 días fóra do Estado nun ano natural ou non residentes no Estado español, adoptada polo Goberno do Estado no Real Decreto-Lei 16/2012.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento.>>

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que é a maior ultraxe que se pode facer. Qué pasará cos mariñeiros que están fora máis de 90 días? Cos mozos/as que foron o estranxeiro para procurar traballo? E aqueles que fóronse para voltar coas mans vacías? Parécelle un despropósito e van votar a favor da moción.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e con 1 abstención (1 do PP) e cero votos en contra, dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrado neste punto non se presenta ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 22:00 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 22:40 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo